

AUNIÓS

Nº 4 - Especial
Setembro 2001

Xacobeo

ASOCIACION CULTURAL-GASTRONOMICA

Pineiróns



A LANZADA NO CAMIÑO MARÍTIMO CARA A SANTIAGO "AS MANTIDAS"

Por: Xavier Fernández Soutullo



Esta denominación pertence a un grupo de mulleres que, dende séculos atrás crearon unha das máis raras e curiosas tradicións galegas. Estas foron, aínda que ninguén se atreve a afirmar que non, as protagonistas da necesidade que había de "expulsar

ó demo" do corpo.

As Mantidas viñan de tódolos recunchos de Galicia para cumprir co xa lendario ritual das "nove olas". Viñan nove días antes do primeiro día da festa, producíndose unha pintoresca algarabía. Traían, para os seus días de vagar, as súas propias provisións, pois non era costume o seren axudadas polos veciños da zona. Durmían preto das súas cabalerías, ó abrigo dos apendres, cando non no duro e asolado chan.

Algunha vez, traen ó "Demo" no corpo. Entón veñen a botalo e a espantalo; dise que veñen a "BOTALO FORA". Isto conseguían burlando a atención dos sacerdotes, aínda que, ás veces, estes facían a vista gorda, que era o máis corrente.

Con moitos atrancos a moza conseguía introducirse na ermida e, de seguido, as súas acompañantes, na maioría mulleres, comezaban a dicir en voz alta: - "Bótao fóra".

- "¡Bótao fóra!, ¡Bótao fóra!, insistían as mulleres, nun supremo esforzo de dominio sobre a vontade da feitizada, "Bótao fora", ¡Bótao fóra!, sen

parar de dar voltas polo recinto da capela, sobre o chan de perpiaño que, aínda que non fala, de seguro que co paso dos séculos saberá o que alí ten acontecido.

Este costume era unha loita para vencer ó "Demo". Por momentos a escena semellaba unha loita desesperada, aínda que noutros unha andrómena. A escena tiña un intre álxido e solemne, quizás o máis decisivo: Cando os berros das exorcistas cruzábanse

por toda a estancia e sabreaban o ar, converténdose nun verdadeiro escándalo. A "enferma" cuspiía e babexaba, á vez que pronunciaba as máis groseiras blasfemias, que resoaban coma unha profanación baixo a bóveda pétrea da capela, ata que a posuída parecía ceder, xa derrubada e bafexante, por mor da forza e o tesón das voces que lle ordenaban que "O botase".

Contan que entón saía da súa boca un amasillo que lle era recollido por unha das exorcistas nun pano de man, de cor e forma diferente segundo o caso aínda que sempre tiñan algo en común e que era un forte cheiro a allo e que posteriormente era queimado.

Só entón o "Demo" deixara de se aloxar no corpo da muller: estaba xa fora. A moza, case de súpeto, recuperaba a súa cor normal, a súa alegría, a súa forza. De seguido tiñan que bañarse na feiteiceira praia ante os ollos de moitas almas. Con ese fin saían medrosamente, pero atrevidas, de entre as rochas na espera dunha onda embravecida, das que trepan polo declive da praia e lanzan a súa espuma sobre elas, facendo correr ás asustadas bañistas ante as gargalladas

burlonas das xentes que asexan dende arriba.

Este é, pois, o baño das Mantidas. Con el sae a hipocondría dos seus corpos, ás veces tamén o "Demo". A praia ten, entón, na superstición popular, unha fonte inesgotable de clientes. Despois do último domingo do mes de agosto alí, á sombra dos cubertos onde as Mantidas durmiron sobre da palla cando non no duro solo,

xuntábanse unha serie de escenas campesiñas a ter en conta polos viaxeiros, e dábanse cita na explanada da festa os carros cargados cos mellores froitos das terras do Salnés, os xa sempre coñecidos transhumantes cegos cos seus lazarillos, as vendedoras de todo tipo de quincalladas, as rosquilleiras, etc. . . É entón cando o pracer estala ó redor do Santuario da Nosa Señora da Lanzada.



Ermida de A Lanzada

TERRA DE CURAS, LINAXES E EMPERADORES

Por: Manuel Fajardo. "M. Chicolino"



Tiñan fama os nosos ancestros os Celtas de ser xente sensible, namorada e dotada para o esforzo e a conquista. Non en van conta a lenda, que dende o Castro de Neixón, construíron un pasadizo baixo o mar que os comunicaba coa orela oposta da ría, co lugar onde nun futuro o primeiro señor de Rianxo, "Paio Gómez", construíra un fermoso castelo, o chamado "Castillo de la Luna". Tivo este castelo, nos seus tempos, unha forte influencia sobre as terras boirenses que pasarían a través dos anos a formar parte dos primeiros terratenentes co poder económico sobre o pobo.



Demostración de sega


Serían os tempos dos florecentes pazos e casas brasonadas boirenses, entre as que non podemos esquecer á de Fonteneixe, que estaba emparentada cos condes de Andrade e que ademais pagaba contribución a vinteito concellos e era "dona de vidas e de facendas". Pero pronto os "Trasgos", eses diaños das disputas, sempre dispostos a burlarse das ambicións humanas, provocarían un enfrontamento entre esta casa de Fonteneixe e a outra gran fortaleza da época, a casa da Tenencia, antigo convento de novicias á cal pertencía o escudo Papal.

Pois ben, o enfrontamento era por causa da auga, un ben que, aínda que abundante, non sempre manaba

solícito en calquera apouso. Deste preito sae beneficioso Fonteneixe, obrigando así á Tenencia a abastecerse do arroio de Goyanes, lugar onde estaba afincada outra das casas brasonadas de Boiro, a Torre de Goyanes. Foi esta un antigo recinto amurallado, reconstruído por Domingo de Andrade, que servira como calabozo noutros tempos e onde o futuro Rei de España, o xove monarca Alfonso XIII, pasaría longas e florecentes épocas estivais, convidado polo Sr. Barrier, que entón era comandante do Nautilus, no cal deu a volta ó mundo.

Posuía a casa e fortaleza de Goyanes facultades para explotar en exclusiva a enorme riqueza ostrícola que posuía a desembocadura do río Coroño, motivo que orixinou longos preitos cos pescadores doutros puntos da ría e dos cales sempre saíu airosa.

Na ría ademais do marisco, pronto se comezarían a explotar os enormes bancos de sardiña, que provocará que uns hábiles comerciantes cataláns se instalen no noso concello coa única intención de sobreexplotar os nosos recursos. Así aparecen as primeiras fábricas de salgazón, precursoras das actuais de conserva e que foron establecidas por Agustín Miró en Escarabote, Manuel Ribá en Cabo de Cruz e Manuel Plans en Abanqueiro.



Preparando as cordas



Cos cántaros ó marisqueo

As fábricas de salgazón funcionaban xa desde os seus comezos, gracias ó traballo das mulleres, as cales traballaban de sol a sol coma espichadoras ou coma estibadoras, en arcaicas factorías insalubres, entre o olor e a humidade da salmoira e da madeira do taller de ebanistería, pechadas dende a mañá tras portalóns pintados con graxa de sardiña.

Mentres os seus homes, chamados despectivamente “lacazanes”, nome dado ó fardo onde levaban a botella de viño e o anaco de pan, saían en balandros tripulados por cinco mariñeiros e un patrón. Pescaban ata 800 caixóns de sardiña e atracábanos a pé de fábrica recibindo unha chapa de latón por cada millar de pescado descargado.

O reclamo empregado pola fábrica, a vista do que acodían os “lacazanes” cos seus balandros cheos de sardiña, era izar unha bandeira española no mastro cando a necesidade de materia prima resultaba imperiosa.

Por mor da sobreexplotación e ás artes de pesca importadas polos cataláns, a sardiña chegou a escasear, ata tal punto que os nosos avós víronse na necesidade de emigrar a outros puntos do mundo, principalmente á Arxentina, na procura de soños e fortuna.

Pero pronto volveron a rexurdir as nosas raíces emprendedoras e na actualidade os boirenses explotamos os nosos propios recursos tanto a través das conserveiras, que están á cabeza do mercado español e incluso europeo, como a través do cultivo do mexillón, cuxa forma de crianza importámola do Mediterráneo por mediación de Alfonso Ozores en 1945.

Hoxe en día dependen directamente do mexillón preto de cincocentas familias boirenses, creándose ademais unha serie de industrias paralelas, como depuradoras, cordeiras, . . . , que se están convertendo en abandeiradas do mercado europeo. A pesar da forma tan racional e moderna de explotación dos nosos recursos, non podo máis que recordar aquelas tardes da miña nenez en Agüeiros, onde toda a aldea se reunía ó redor dun aparello construído cunha rede á cal se suxeitaban uns cabos, dos cales tirabamos dende a area e que, despois de varias horas de parsimonioso arrastre, proporcionábnos o maior manxar no mundo coñecido: eran as Xoubiñas.

Por iso, e recordando ós gregos cando escribían sobre a orixe do mundo, penso en Boiro . . . *“Al comienzo de todas las cosas, la madre Tierra emergió del cosmos y dio a luz a su hijo Urano. Éste, desde la cima del Olimpo que le sirvió de cuna, derramó una lágrima y de ésta nació la fertilidad y las aguas de Boiro”* . . .



Primeiras mexilloeiras da Ría de Arousa

A NOBILIARIA DO CAMIÑO PORTUGUÉS

Por: Isidro de Malet Andreu

SIGNIFICADO DO CAMIÑO PORTUGUÉS

Dende que foi descuberto o sepulcro do Apóstolo no primeiro tercio de século IX, o Camiño de Santiago constitúe un dos focos cara ó cal encamiñou a fe a milleiros de peregrinos ó longo dos séculos.

A partires do século XI, e como fenómeno histórico as rutas xacobeas pasan por diferentes períodos: as máis florecentes desenroláronse ó longo dos séculos XI e XII ata épocas de maior decadencia, como consecuencia dos cambios ideolóxicos e socioculturais acaecidos durante o século XIX.

Dende diversos puntos de Europa parten numerosas vías cara a Santiago de Compostela; o trazado destes camiños e as súas derivacións dependían non soamente do interese dos monarcas reinantes senón tamén dos establecementos comerciais.

Non menos coñecido que o camiño francés, o era o de Portugal a Compostela, ben por terra, ben por mar. A súa concepción era menos ríxida tanto en tempo como no seu desenrolo. Segundo o Codex Calixtino o camiño tradicional facíase en trece xornadas, variaban os lugares visitados e con frecuencia facíanse desvíos na ruta previamente trazada co fin de poder visitar santuarios fundamentalmente marianos.

Os peregrinos adoitaban identificarse pola súa indumentaria características de bordóns, cabazas e vieiras. Sen embargo isto non era óbice para que os grandes señores, como o Duque de Borgoña, na lenda Don Gaifeiros, se distinguían do resto de peregrinos tanto polo seu boato como polo seu séquito. Os móbiles dos peregrinos eran ben distintos: votos, satisfacción de culpas, etc., ós que posteriormente se lles engadían a peregrinación forzosa coma pena civil ou eclesiástica, cando non era unha manda testamentaria, mentres que en outros casos era para pedir a intercesión do Apóstolo ou para darlle as gracias ante unha calamidade ocorrida a un pobo.

No século XV, o peregrinar a Santiago non constitúe unha meta en si senón unha etapa na vida dunha persoa, a condición social do peregrino cambia, os cortexos son de clérigos ou de xentes da clase media,

para os cales conseguir a “Compostela” era un asunto de prestixio dentro do seu marco social.

No século XVI empeza a decadencia, incluso como pena civil, xa que esta pode ser redimida pola sanción económica. Por parte dos monarcas dítanse prevencións contra as peregrinacións, esixindo un itinerario que debe cumprirse escrupulosamente. Os hospitais decaen e a importancia económica do camiño languidece ata chegar ó punto máis baixo da súa popularidade no século pasado, como xa quedou apuntado.

Está fóra de toda dúbida a importancia socioeconómica e humanística que tiveron as peregrinacións, tanto de receptoras como de vehículo de renovación cultural e económica. No aspecto comercial, as peregrinacións tiveron como protagonistas ós repoboadores e ós camiñantes; foi necesaria a apertura de albergues, establecementos de cambio. Nas zonas repoboadas onde se establecían os estranxeiros fórmanse os burgos e concédense foros e privilexios. Os peregrinos traen lendas, contos e relatos, música e libros: son as “sagas” escandinavas, os “román” franceses e as “cantigas” e “cancioneros” peninsulares. Non é de estrañar pois, que a primeira manifestación culta do lirismo en lingua romance na península sexa a poesía trobadoresca galaico – portuguesa.

O Camiño de Santiago foi un fenómeno sociolóxico consecuencia duns feitos históricos e á súa vez causa doutros, que pasaron por grandes oscilacións dependentes do intre político ou económico, pero foi unha ruta que xamais se abandonou de xeito definitivo.


Agora ó terminar o século XX, os turistas desprazaron grandemente ó peregrino, pero que percorren os seus camiños, que rematan en Santiago de Compostela, no Pórtico da Gloria, e que afunden os dedos nas cinco pegadas que quedaron impresas como mostra do paso de millóns de peregrinos xacobeos, e admiran o maxestoso voo do botafumeiro polo cruceiro da Catedral. Son estes novos peregrinos os que manteñen vivo o intercambio e o vehículo entre as distintas culturas que en realidade é o Camiño de Santiago.

A NOBILIARIA DO CAMIÑO PORTUGUÉS

Gran cantidade de casas asentáronse ó longo das comarcas polas que transcorre o camiño portugués. Nós limitarémonos unicamente ós Títulos que teñen relación co camiño, é dicir, ó Condado de Camiña, Vizcondado de Tui, Marquesado de Mos, Ducado de Soutomaior, Marquesado de Vilagarcía e Marquesado de Iria Flavia; trataremos dunha maneira moi sucinta da súa concesión, da súa xenealoxía e describiremos as súas armas.

Tamén describiremos as armas e os selos maiores dos Srs. Prelados que ocupan as Sedes de Oporto, Tui – Vigo e de Santiago de Compostela.


CONDADO DE CAMIÑA



Foi concedido polo Rei D. Alfonso V de Portugal a Pedro III Álvarez de Soutomaior, que casou con Teresa de Táboa, cuio fillo, Álvaro de Soutomaior, casou con Inés Enríquez de Monroy. Froito deste matrimonio foi Pedro IV Álvarez de Soutomaior, chamado o parricida por ter ordenado a morte da súa nai e que fuxiu perseguido pola xustiza a Portugal onde casou con Urraca de Moscoso. Por real cédula faise mercé o seu fillo Álvaro das fortalezas, maiorazgos e títulos que posuía o seu pai antes de cometer o parricidio. Álvaro falece sen descendencia, herdando tódolos bens e dereitos a súa irmá maior Teresa de Soutomaior.

Traen por armas as de Soutomaior: De prata, tres faixas jaqueladas de ouro e gules, en catro ordes, separadas por un ceñidor de sable.

VIZCONDADO DE TUI




Concedido polo Rei D. Enrique IV de Castela a Pedro III Álvarez de Soutomaior, fillo bastardo de Fernando Yañez de Soutomaior, e que foi declarado herdeiro universal de Álvaro Páez de Soutomaior, casado con María de Ulloa e da que non existía descendencia por real cédula expedida en 1464. Pedro III casou con Teresa de Táboa e en 1482 renunciou ó vizcondado de Tui, mandando en testamento que se lle dera sepultura no templo de Santo Domingo de Pontevedra.

Este título non foi rehabilitado ata 1921 por Diego de Alcaraz e Guzmán que casou con María del Carmen Roca de Togores e Aguirre – Solarte. O actual Vizconde de Tui é Pedro de Alcaraz e Gómez – Acebo, casado con Margarita Kern Merkus de Kagenfurt.

Trae por armas as de Soutomaior: de prata, tres faixas jaqueladas de ouro e gules en catro ordes, separadas por un ceñidor de sable.

MARQUESADO DE MOS



Título concedido por D. Carlos II, co condado previo de Villanueva de San Bernardo, a D. Gabriel Sarmiento de Soutomaior Pimentel, Sousa e Meneses, rexedor perpetuo de Tui, deputado General en Galicia e Conselleiro de Facenda, segundo neto de Alonso Bernaldo de Quirós Soutomaior e Sousa, correxidor de Toro e Zamora e cabeza do Título e Señorío de Mos.

A grandeza de España foille concedida polo Rei D. Carlos IV ó IV marqués de Mos, D. Benito Fernando Correa Soutomaior, Yebra, Oca e Pimentel, brigadier dos Exércitos e mordomo de S.M. e que casou en segundas nupcias con D^a María Luísa Felicidad Pinto de Sousa.


Este título recaeu en D^a María Vinyals, marquesa de Ayerbe ó falecer o Marqués da Vega de Armijo sen descendencia. Na actualidade o actual posuidor do Título é, por carta sucesoria expedida en 1980, Rafael Pérez – Blanco Pernas.

O antigo marquesado traía por armas o seguinte: partido, de prata unha rosa na súa cor natural (da casa de Quirós) de prata tres faixas jaqueladas de ouro e gules en catro ordes e separados por un ceñidor de sable (dos Soutomaior).

No Castelo de Soutomaior existe un escudo do século XVIII, copia doutro máis antigo no que están representadas as liñaxes dos Soutomaior, Sarmiento, Sousas, Pimentel, Yebra, Meneses, Quirós, etc.

Trae por armas as de Tenreiro: de azur, dous tenreiros pasantes, de ouro, un sobre o outro.

DUCADO DE SOUTOMAIOR



Concedido polo rei Felipe V, con Grandeza de España a Fernando Yáñez Álvarez de Soutomaior e Limia en 1703, que naquel intre ostentaba os títulos de Conde de Creciente, Marqués de Arcos e Tenorio, Vizconde de Vilanova de Cerdeira e que casou con D^a Teresa Pacheco, da que non tivo descendencia e pasando o Título a súa irmá María. En 1786 declárase herdeiro do maiorazgo a D. Benito Correa, do Señorío de Mos.

En decembro de 1959, expediuse carta sucesoria do Título a Ignacio Martínez de Irujo e Artacaz, que casou con Antonia Celina Crespo Rayband.

Traen por armas as de Soutomaior: de prata, tres faixas jaqueladas de ouro e gules en catro ordes e separados por un ceñidor de sable, timbrado coa simboloxía de Grandeza de España.

CONDADO DE VIGO



Concedido por Fernando VII a Joaquín Tenreiro – Montenegro y de la Hoz. A actual posuidora é María del Pilar Ponte Y Manera.

CONDADO DE O GROVE




Concedido por Alfonso XIII a Juan Lóriga y Herrero – Dávila. A actual posuidora é D^a Araceli Lóriga y Taboada.

Trae por armas as de Lóriga: de azur, dous leóns, de ouro, afrontados, en xefe unha flor de lis de prata entre dúas estrelas e en punta dúas estrelas, todas elas de prata.

(Un fillo do terceiro Conde de O Grove, foi aviador Joaquín Lóriga Taboada, aviador que fixo o voo Madrid – Manila en 1926

MARQUESADO DE VILAGARCÍA



Título concedido por D. Felipe IV a Fernando de Andrade e Soutomaior, con grandeza de España, para o seu irmán Mauro de Mendoza Caamaño Soutomaior, Caballero da Orde de Calatrava, Capitán xeneral de Chacas e I Vizconde de Barrantes. Ó III Marqués foille concedida a Grandeza en primeiro grao, por Carlos III, sempre e cando ó Título estivera unido á casa de Rubianes. Ó falecer sen descendencia pasou o título o seu sobriño que tamén faleceu sen descendencia e a súa irmá Clara que morre sen descendencia, co cal extínguese a Primeira liña.

A segunda liña no Título iníciase con Joaquín de Armesto e Teixeira en 1815, sucedendo ademais nos maiorazgos de Vilagarcía, Barrantes e Vista Alegre. Este VII Marqués de Vilagarcía adoptou os nomes de Joaquín de Mendoza Soutomaior Armesto e Teixeira.

O actual posuidor do Título como XIV Marqués é, por carta sucesoria e dende 1972, o coronel Médico da Armada D. Cristobal Deza e Barrio.

Segundo Jaime Bugallal traen por armas: Escudo cuartelado, primeiro cuartelado en aspa, 1 e 4 de sinople unha banda de gules fileteada de ouro, 2 e 3 a saudación

en azur “AVE MARÍA GRATIA PLENA” que corresponde ós Mendoza. Segundo, de gules un piñeiro de sinople, terrazado da mesma cor e perfilado de ouro, acompañado de dez lanzas de prata, cinco a cada lado e coas puntas de ouro (correspondentes ós Caamaño). Terceiro de prata, tres faixas jaqueladas de ouro e gules en catro ordes e separados por un ceñidor de sable (Soutomaior) e cuarto, de prata un crecente ranversado e jaquelado de ouro e sable, bordadura de gules con oito roeles verados de ouro e azur (Correspondentes ós Mendoza – Maté de Luna). Esta heráldica ven imposta por ser herdeiros do maiorazgo de Vista Alegre.

MARQUESADO DE IRIA FLAVIA




Título concedido polo Rei D. Juan Carlos I ó escritor Camilo José Cela Trulock, o 17 de Maio de 1996.

Trae por armas: de azur, dúas plumas de ouro, dispostas en aspa, acompañadas de tres veneras, de prata, unha en cada flanco e outra en punta, e no xefe unha estrela de ouro de oito puntas. Trae por soporte dous unicornios, de cuxos peitos penden sendas cadeas e medallas de ouro cunha N en sable (Nobel). Trae por lema “EL QUE RESISTE, GANA”.

ARMAS DO SR. BISPO DE PORTO, S.E.R. D. ARMINDO LOPES COELHO

Escudo ovalado, cortado, primeiro de prata crisma de púrpura. Segundo de azur, unha estrela de ouro de cinco puntas. Bordadura de gules cargada con sete lazos de espiño, na súa cor.



Acolado a unha cartela de prata e azur da que sobresaen as insignias episcopais, á destra unha mitra branca, enriquecida de ouro e pedrería e á sinistra un báculo de ouro, e unha cruz episcopal de ouro. Todo o conxunto está timbrado por capelo cardinalicio, de sable, forrado de sinople, ornado por cordóns de seda de sinople, formando tres ordes de borlas, seis a cada lado, dispostas 1, 2 e 3.

Trae por lema e divisa: "OMNIUM ME SERVUM FECIT".

ARMAS DO SR. BISPO DE TUI - VIGO, S.E.R. D. JOSÉ DIEGUEZ REBOREDO



Cuartelado, o primeiro de gules, anagrama de María e coroadado en ouro. Segundo de prata unha ponte de púrpura sobre ondas e unha estrela de ouro cargada sobre un bastón de peregrino cunha cabaza. Terceiro, de azur as armas de Tui. Cuarto, de azur, un castaño na súa cor, terrazado.

Está acolado ás insignias episcopais, á destra unha mitra de ouro enriquecida cunha cruz e pedrería de gules e á sinistra un báculo de ouro. Todo o conxunto está timbrado por capelo cardinalicio de sable forrado de sinople, ornado con cordóns de seda de sinople,

formando tres ordes de borlas, seis a cada lado e distribuídas 1, 2 e 3.

Trae por lema "IN NOMINE DOMINI" O selo maior é redondo, coas mesmas armas e a seguinte inscrición: "* IOSEPH DIEGUEZ REBOREDO DEI ET AP. SEDES GRATIA EPISC. TUDEN. VICEN."



ARMAS DO SR. ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA S.E.R. DR. D. JULIAN BARRIO E BARRIO.



De azur unha barca na súa cor, no centro do xefe unha estrela de cinco puntas, de prata, co anagrama de María en azur, e da estela e armando a barca cinco raios de prata. No abismo o símbolo do Cabildo de Santiago e da barca colga unha rede en sinople.

Están acoladas ás insignias arzobispais, á destra unha tiara de ouro forrada de púrpura, á sinistra un báculo, que neste caso está representado por un bastón de peregrino, con abrazadeira e punteira de prata e no centro unha cruz patriarcal. Todo o conxunto está timbrado por un sombrero forrado de sinople ornado con cordóns de seda do mesmo, formando catro ordes de borlas en número de dez a cada lado dispostas 1, 2, 3 e 4.

Trae por divisa e lema "IN VERBO TUO DOMINE" O SELO MAIOR É REDONDO COA SEGUINTE INSCRIPCIÓN: "* DR. D. IULIANUS BARRIO BARRIO DEI ET APOSTOLICAE SEDIS GRATIA ARCHIEP. COMPOSTELLAN."

A PESCA NA RUTA ATLÁNTICA O XEITO NA TRADICIÓN PESQUEIRA MARINENSE (1)

Por: Manuel Torres Viqueira

Cando se pretende falar de Marín é inevitable facer referencia ó mar; a ese mar que se fai beleza e tentación nas augas da ría e continúa sendo a través dos séculos o elemento entitativo e propiamente esencial da nosa existencia. O seu mesmo nome alude a esta circunstancia xeográfica que determina categoricamente a nosa vinculación marítima, coma vila de atrevidos navegantes, de expertos mariñeiros, de esforzados e curtidos pescadores.

Por iso do mesmo modo, cando se pretende analizar calquera aspecto ou faceta da nosa realidade socio – económica, é forzoso recorrer á pesca – ese secular labor das entrañas do mar, que se nos amosa como o noso quefacer diario e cotián de tódolos tempos, o recurso principal do noso sostemento e do noso progreso -, ata tal punto que se ve reflectido e proclamado no noso escudo coa lenda de: *"Nostra in mare fortuna"*.

Así, o mar e a pesca constitúense como os factores configurativos do noso ser e do noso devir histórico, en cuxos azares vén transcorrendo – claramente perfilada e definida – a vida do marinense a través dos séculos. Por iso nesta modesta colaboración, imos a expoñer un tema de gran interese para os marinenses, como é o "Xeito", pero sobre todo tamén de singular emotividade, ó contar como protagonistas dos feitos ós nosos propios antepasados e aínda quizais ós nosos mesmos familiares.


Comezaremos por dicir que sobre a palabra "xeito"

existen varias procedencias etimolóxicas, pero nós partiremos da mesmísima denominación galega como propia e peculiar e que define a palabra "xeito" como a persoa que ten aptitude ou maneiras adecuadas para realizar ben unha cousa; facer unha cousa con "xeito" é realizala práctica e eficazmente, é dicir, que a palabra "xeito" ten relación con "xeitoso". Por iso neste sentido a etimoloxía parece aludir a unha arte de pesca sinxela, económica, práctica e manexable; é dicir, "xeitosiña", e polo tanto preferible a outra calquera. Pero ademais asequible ós pescadores humildes, que a tiñan como o instrumento cotián do seu traballo. Da súa orixe hai quen afirma que é galega, o certo é que en diversas variedades se utilizaba no sur de España, Portugal e algúns portos do Cantábrico. A única orixinalidade estaba na súa diferente denominación pero dende logo

foi a arte máis antiga coñecida para a pesca da sardiña.

O "xeito" é unha rede sardiñeira ou propia para a pesca da sardiña. Trátase dunha arte de deriva, pois largábase ó mar cun cabo unida á embarcación que sigue á rede na súa deriva. Estaba composta de 20 a 25 pezas,

duns 24 metros ou 14 brazas de longo cada unha por 4 de alto. Ó conxunto chámasele *casea* por razón de que as pezas están casadas ou encanadas entre si. As pezas que forman a casea son: "*mano*" a máis próxima ó barco – *cuartel da man* - ; "*antemano*", a que lle segue; "*tres*" á terceira; "*catro*" á cuarta; "*rabo*" á quinta e última - *do rabo* -, *chicote*, *resón*.



A “tralla” ou “relinga superior” leva as cortizas e ademais un pequeno seo ou “pie de gallo”, chamado “fornadera” que serve para suxeitar ó extremo da rabiza que ten unha boia necesaria para soste a rede. Tamén cada dez metros amárrase ó pé de gallo unha “rabiza” con boia ou baliza e tamén outras boias en cada extremo da fileira de redes.

A “tralla ou relinga” inferior leva uns chumbos de pouco peso – unha onza aproximadamente – colocados de dúas en dúas mallas e, de braza en braza un “metafión” que serve para amarrar unhas redes a outras no mar.

Na composición desta arte hai diferencias entre uns e outros portos. En tempos antigos parece ser que na elaboración da rede empregábase fío feito con liño do país; posteriormente usouse para elo liño de Rusia; pero ultimamente utilizábase fío fabricado en Cataluña e aínda pezas enteiras. É de facer notar que a elaboración das redes constituía unha verdadeira artesanía que realizaban con gran arte as mulleres dos mesmos pecadores.

En Marín para o *encascado* das redes empregábase ó efecto a cortiza moída do piñeiro de Ibiza e Mallorca, mesturada con salgueiro do país, que se trituraba con pesados mazos de madeira en informes píos ou morteiros de pedra, mentres en Pontevedra, por exemplo, empregában exclusivamente a de salgueiro, machucada con martelos de ferro sobre un pedrolo calquera.

Esta cortiza moída botábase

nunhas caldeiras grandes de ferro ou cobre, cheas de auga e procedíase á cocción de seis a dez horas. Cando está en plena efervescencia vertíase nunha *maseira* ou *batea*, artesón de madeira, de oito a doce cuartas de longo, catro ou cinco de ancho e tres ou catro de alto. Modificada ou suavizada un tanto a temperatura se *ameixoan*, somerxen ou empapan as pezas no líquido, permanecendo alí como dez minutos, recolléndoas e retirándoas despois a un lado da batea.

Máis tarde abríganse con mantas durante dous ou tres días para evitar toda corrente de aire, sacándoas logo en cestas para secalas. Pero para dar por terminada a operación de *encascar* aínda é necesario mergullalas tres o catro veces no caldo ou tingidura en frío, para trasladalas ben escorridas ós secadoiros.

Secadoiros que se chaman *forcas* ou *estacadas*, nas que debían permanecer algún tempo, podendo bastar seis ou oito horas. As *forcas* armábanse con seis paos de 6 a 8 metros de altura cravados na area e enlazados na súa parte superior por outros madeiros transversais. As *estacadas* formábanse con longos varais sostidos sobre postes ou *estacones* á altura dunha vara.



Redeiras

DETRÁS DUN CANTO

Por: Lidia Pérez Otero

Dentro das rutas Xacobeas hai que destacar a ruta do Mar de Arousa. En primeiro lugar por ser aquela pola que chegou o Apóstolo traído polos seus seguidores. Pero tamén é de destacar a inmensa riqueza que nela hai, tanto artística como de lendas e historias. Aquí temos unha delas, se non a máis fermosa de todas as que se poden atopar, si polo menos unha das máis entrañables e que se sitúa ó mesmo tempo nun entorno de arte románica, como é o mosteiro da Armenteira, en pleno corazón do Salnés. É a historia do Santo Ero da Armentaria, hoxe coñecida como Armenteira, santo que fundou o mosteiro que leva o seu nome alá polo século XI.

Unha tarde de verán de fai uns anos e por motivos que non veñen ó caso, encamiñei os meus pasos cara ó mosteiro da Armenteira na procura dun silencio.

Na época da que estou a falar a zona en xeral, e o mosteiro en particular, aínda eran descoñecidos para o turismo. Incluso diría que tamén para as xentes dos arredores, que só acudían unha vez ó ano para cumprir “as promesas” ofrecidas á “Nosa Señora das Cabezas”, patroa de Armenteira, e da que se celebra a súa festa o luns de Pascua. Fóra desa data o lugar vivía en soidade, alterada só polas voces das xentes do lugar traballando as leiras do arredor e por estudiosos da arte que, de cando en vez se achegaban ata alí para contemplar o pórtico románico da igrexa.

Ó chegar ó mosteiro os meus ollos deron por primeira vez no tímpano da portada que dá entrada ó recinto

e sorprendeume ver esculpido no mesmo a figura dun home mirando un paxariño pousado na póla dunha árbore.

Mentres pensaba no que podería representar aquela imaxe vin a chegar se paseniñamente a unha velliña que compasaba o seu andar co tac, tac do caxato que lle servía de apoio. Miroume con certa curiosidade e, sen que tivese tempo de lle preguntar, díxome:

- É Santo Ero, o patrón

Cando vii que eu seguía sen entender, ela sentouse no banco de pedra que hai alí mesmo, puxo os pés ó sol da tardiña, e comezou a contarme a historia que aquí lles quero relatar.

Díxome que Santo Ero fora un nobre do lugar que, por motivos que ela descoñecía, déraselle por facerse frade e fundar o mosteiro que hai alí mesmo.



Santo Ero (Entrada do Mosteiro da Armenteira)

Nel vivía moi contento como abade, xunto con outros frades. O lugar era moi fermoso en el Ero era case feliz. Díxome case porque, como ela ben me explicou, ó parecer Ero andaba a voltas coa teima de saber como sería a vida na eternidade, é dicir “ na gloria, no ceo”, e esa teima non o abandonaba.

Un día, paseando polos frondosos bosques dos arredores do mosteiro, sentiui cantar un paxariño. Aquel era o cantar máis fermoso que Ero oíra na súa vida. Sentouse a escoitalo e alí estivo un tempo que a el lle pareceu moi curto. El quixera seguir alí horas e horas polo a gusto que se atopaba . . . pero pensou que no mosteiro íano botar en falta, así que, con grande pesar ergueuse para voltar á casa. Ó chegar, ledo como viña, comezou a dar voces polos demais frades para contarlles a nova pero, ó ver diante ós frades que acudiron ó seu chamado, decatouse de que non coñecía a ninguén. Preguntou polos seus compañeiros e díxéronlle que aqueles polos que el preguntaba xa morreran había algo así coma uns douscentos anos.

Nese intre Ero soubo que aquilo que el vivira no bosque, aquel tempo que lle parecera tan curto escoitando a aquel paxariño, equivalía a douscentos anos na eternidade.

Agora xa sabía o que era a “gloria” que tanto buscara.

A partir de aí a velliña calou, e vin como intentaba rebuscar na memoria o final da historia, final que non atopou. Miroume entón, pesarosa, e deixouse adurmiñar polo sol da tardiña, murmurando entre soños . . . ¡ esta memoria miña ! . . . esta memoria . . .

Lembro ese día sempre que visito o mosteiro e paso por debaixo da portada onde está o Santo Ero. Recoñezo que tiven curiosidade polo remate da historia e así acadei por sabelo e que di así:

Ero da Armenteira, que así se chamaba, dérase a coñecer ós frades que atopou na volta ó mosteiro e que estes, asombrados, exclamaron:

*Nunca tan gran maravilla
como Deus por este fez
polo rogo de sa Madre
Virgen santa de gran prez*

E así, aínda que os frades lle pediron que seguise sendo o abade do seu mosteiro, el non quixo, tal vez porque amase máis seguir na procura do canto dun paxaro.

Din tamén que a partires de aí morreu pronto e nunca se soubo, e aínda hoxe non se sabe, onde está soterrado.

Dende entón dise dos habitantes de Armenteira que son uns “encantadiños” e , a dicir verdade, ¿ quen non desexou algunha vez correr detrás do canto dun paxariño ?



Mosteiro da Armenteira

OS REFRÁNS COMO GUÍA METEREOLÓXICA PARA OS PEREGRINOS A SANTIAGO O REFRÁN: UN LEGADO DE INMENSO VALOR

Por: Laureano Mayán Taboada



Dende o Século XI as xentes peregrinan a Compostela polas súas diferentes rutas. Máis é doado de entender que daquela nin había o que hoxe chamamos “home do tempo” nin tampouco había medios de comunicación para dar o parte metereolóxico.

É por iso que, cando xa o home preparaba a súa longa andadura para dirixirse, o través do Camiño de Santiago, a visitar a tumba do Apóstolo, procuraba elixir a mellor época, dependendo, naturalmente, das súas necesidades, baseándose nos refráns que, sobre o tempo, as estacións e os meses, existían.

Era unha póliza de seguros. . . É que “Os refráns non enganan a ninguén”. Hoxe a información, tarde ou cedo, dun modo ou doutro, chega a tódolos recunchos do mundo.

Pero, aínda así. . . Din que “O tempo . . .”. Si, pero xa sabes que o refrán di que “ ” .

A palabra REFRÁN (do francés: refrain)segundo a Real Academia Española, significa “dicho agudo y sentencioso, de uso común y repetido, tradicionalmente, de modo invariable” .

E moitos se preguntan ¿Qué diferencia existe entre REFRÁN e PROVERBIO? . Pregunta que da lugar a non poucas controversias e sobre a cal estudiosos deste tema opinan que, si, hai diferencias.

Para a Real Academia Española, a palabra PAREMIA (do grego: paroimía) significa: proverbio, refrán. E ambos vocablos son sinónimos, polo que non cabe establecer diferenza algunha entre eles.

Outros establecen diferencias como, por exemplo: A orixe dos refráns soe ser popular. Non se sabe quen, por primeira vez, dixo un refrán.

O proverbio soe saberse quen o acuñou, ou datar a súa primeira utilización coñecida.

O refrán nace do inxenio espontáneo. O proverbio é froito dunha reflexión intelectual de carácter metafísico, filosófico ou moral.

A vía de transmisión do refrán é, sempre, oral.

A do proverbio, predominantemente, a literaria.

O ton do refrán é humorístico e expresivo. O do proverbio, docto e sentencioso,

Dende que o home comezou a expresarse tratou de dar forma, lisa e chan, ós seus sentimentos e opinións e o refrán converteuse na forma de linguaxe máis asequible e intelxible para as xentes, pola maneira directa e clara de expresión que encerra en si.

A xente memoriza e repite os refráns que mellor se adaptan á súa condición, pero elo debe producirse no seu momento. Recordemos que Miguel de Cervantes deixou escrito: “. . . el refrán que no viene a propósito, antes es disparate que sentencia” .

O refrán está realizado nun ton xocoso e, entre outras posibilidades, expresa un pensamento, un consello, un desexo,

Exhibe inxenio e imaxinación, xunto á gracia, á ironía, . . .

O refrán expresa unha conclusión didáctica extraída dunha experiencia repetida.

A paremioloxía é o estudo ou tratado dos refráns e actualmente, por fortuna, hai moitos manuais que cubren moitos e variados temas.

Posiblemente, os máis utilizados son os que se refiren a temas concretos: home, muller, clima, tempo, meses, moedas, viño, . . .

Os refráns son internacionais pero non se poder dicir que, o refrán, sexa privativo hoxe en día.

Refráns galegos aparecen dende o século XVI nas coleccións casteláns de Hernán Núñez e Gonzalo Correas.

Entre coleccións, libros, revistas, etc. , os refráns galegos superan os cincuenta mil e son máis de dous millóns os refráns que existen hoxe en día.

Gracias a un laborioso traballo (Xesús Ferro Ruibal, Gregorio Doval, Paul Laurel, . . .) hai preciosos libros que nos fan pensar que a pervivencia dos refráns está asegurada.

E para recordar algúns, ocupámonos dun tema en concreto: **Os Meses.**

- XANEIRO..... “En xaneiro vive o home a carón do caldeiro”
 “ En Xaneiro sete capelas e un sombreiro”
 “En Xaneiro un pouco ó sol outro pouco ó fumeiro”
 “Poucas chuvias en Xaneiro enchen o celeiro”
 “Auga en Xaneiro, cada gota val diñeiro”
 “Quen pasa Xaneiro pasa o ano enteiro”
- FEBREIRO..... “En Febreiro sal o oso do oseiro”
 “Febreiriño quente, trae o demo no ventre”
 “Febreiriño camiseiro, nin boa meda, nin bo palleiro”
 “A chuvia de febreiro fai o palleiro”
 “Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo lameiro”
- MARZO..... “En Marzo podar e cavar, si queres colleitar”
 “En Marzo, abrigo, noces e pan trigo”
 “O sol de Marzo queima as donas no seu pazo”
 “Marzo enganador, un día malo e outro peor”
 “Marzo marceiro, tan frío como Xaneiro ou tan falso como Febreiro”
 “Marzo amola e Abril estola”
- ABRIL..... “Quen queira mal a unha veciña que lle dea en Abril sardiña”
 “Para ben vivir, garda pan para Maio e leña para Abril”
 “Abril frío e fornos quentes,, ledicia para os meus dentes”
 “Xemas de Abril poucas ó barril”
 “Abril, augas mil”
 “No comenzo e na fin Abril será ruín”
 “Abriles e cabaleiros son as veces traicioneiros”
 “Bos Abriles, un entre miles”
- MAIO..... “Abril e Maio claves de todo o ano”
 “Maio chuvioso, verán caluroso”
 “Maio ventoso, ano fermoso”
 “En Maio aínda a vella quente o saio”
 “Ata o corenta de Maio non quite-lo saio, e se volve a chover vólveo poñer”
- XUÑO..... “Maio e San Xoán, facendo un mes, o mellor de todos é”
 “Se o San Xoán chora, a silveira non da mora”
 “Polo San Xoán a sardiña pinga no pan”
 “Polo San Xoán as nove con día dan”
 “En San Xoán, é todo día e os vellos teñen máis vida”
- XULLO..... “San Bieito rega a eito”
 “Polo Santiago o coello esconde o rabo, e para San Miguel volve deixalo ver”
 “Polo Santiago comenza na viña a pintar o bago”
 “Xullo xulleiro, que trae-lo centolo baleiro”

- AGOSTO..... “Agosto pasou, quen mallou, mallou”
 “Agsoto ardenteiro, herba no palleiro”
 “O orballo de Agosto da polo rostro”
 “A chuvia no mes de Agosto, non é mel é mosto”
 “En Agosto secan os montes e en Setembro as fontes”
- SETEMBRO..... “Os comenzos de Setembro aparella as cubas para vendimia-las uvas”
 “En Setembro colle o viño e non durmas no camiño”
 “En Setembro e Outono bebe viño vello e deixa esta-lo novo”
 “Setembro ou secan as fontes ou levan as pontes”
 “En Setembro come e vende, pero que non sexa tanto comer que non deixes para vender”
- OUTUBRO..... “Outono quente, trae o demo no ventre”
 “Flores en Outono, fame no ano novo”
 “Auga de Outono, non lle convén nin ó xornaleiro nin ó seu dono”
 “A horta en Outono mantén ó seu dono”
 “As berzas en Outono comen ó seu dono”
- NOVEMBRO..... “Dichoso mes que comenza con Santos, media con Euxenio e remata con San Andrés”
 “Polo San Martiño andan as noces a roliño”
 “Polo San Martiño mata o teu porquiño”
 “Polo San Martiño proba o teu viño”
 “Despois de San Martiño deixa a auga e bebe o viño”
- DECEMBRO..... “Se quere un bo allal, seménteo no mes de Nadal”
 “Se a noite de Navidade fai de escuro, sementa no terrón duro”
 “Dende a Santa Lucía mingua a noite e medra o día”
 “Tra-lo verán de San Martiño, chega Nadal co seu inverniño”

Hoxe, afortunadamente, é raro o día en que, en calquera lugar e por calquera motivo, non se escoita, todavía un refrán.

E se esta parte, importantísima, da nosa cultura, moitos a mantemos transmitíndoa oralmente, non podemos por menos que resaltar e agradecer o labor de todas aquelas persoas que, como mencionamos antes, tras varios anos de intenso traballo, deixannos un legado de inmenso valor.



OS FACHOS NO CAMIÑO MARÍTIMO DE COMPOSTELA

Por: Lino J. Pazos Pérez



O lume fire a noite,
estrelas a milleiros soben ó ceo,
Medea traizoada por Jasón.
Vixiante,
sempre atento,
non hai tregua no Camiño, non...

A historia dos “fachos” en Galicia pasa pola necesidade de defenderse dos ataques dos países nórdicos que durante séculos asolaron as nosas costas sementando de sangue e dor ás aldeas que se atopaban no seu camiño.

O descubrimento do sepulcro do Apóstolo Santiago en Compostela chegou ós oídos destes señores da guerra que dende ese momento priorizaron as súas incursións cara ás costas galegas, debilmente defendidas, e con numerosas e ben abrigadas enseadas que lles ofrecían acubillo durante os invernos que duraban as súas longas correrías.

• O FACHO

• MONTE FERRO

• FACHO DE DONÓN

• TORRE DE A LANZADA

• TORRE DE SAN SATURNIÑO

• TORRE DE CALOGO

• ILLA DE AROUSA

• TORRES DO OESTE

As xentes que vivían ó carón das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa foron as máis castigadas por estes continuos asaltos ata que, co fin de que non os colleran desprevidos, instaláronse en lugares prominentes da costa unha serie de “fachos”, dende onde eran avistados os invasores co tempo suficiente como para alertar á poboación da súa chegada, ó obxecto de que puideran defenderse ou incluso fuxir cara ó interior dos bosques onde encontrarían seguro refuxio.

Nestes “fachos”, estratexicamente situados, atendidos por veciños recrutados polas autoridades, íanse acendendo enormes fogueiras, visibles a gran distancia, onde os servidores á súa vez acendían outras, levando o aviso en poucos momentos ata zonas alonxadas da costa, léase Santiago de Compostela.

Sobre a palabra “facho” os dicionarios consultados din:

* Eminencia nun monte onde se acendían os “facheiros” que servían de sinais na costa ou terra dentro.

* Cume escabroso e case inaccesible, que está próximo á costa e serve de guía ós mariños na súa navegación.

Ramón Cabanillas fálanos tamén de “fachos” no seu poema “A noite na Calzada”:

Pérolas sombrizas espalladas
na bandexa da ría,
Sálvora, Ons, Arousa, Rúa, Noro
a roxa luz dos fachos encendían.

Emilio González López en “Sempre de Negro” recolle de “Corbett” a reacción dos veciños da costa cando se presentou ante Baiona o corsario inglés, sir Francis Drake:

“La llegada de la flota de Drake produjo una alarma general en todos los pueblos de la ría y aún de más allá de ella. Los expedicionarios podían ver como se encendían en la costa las atalayas a su llegada para extender la alarma a lo largo de ella...”

Estas instalacións perviviron ó longo dos séculos cumprindo a súa misión de sentinelas avanzadas, que avisaron ós galegos, non soamente do nórdico, turco ou pirata anglosaxón, senón que a súa función chegou case ata os nosos días.

Así plasmou D. Ramón Otero Pedrayo no seu magnífico traballo “*Síntesis Histórica do Século XVIII en Galicia*” a utilización destes sistemas de aviso con motivo da guerra de “*Sucesión*” no ano 1705:

“... A guerra de <Sucesión> acendese a continuación no Baixo Miño, e en nos termos de Monterrei, Bande, Celanova, Lobeira e outros que nin sequera houbo tempo de que foran desguarnecidos. O sistema de <<atalaias>> e de <<fachos>> corría sobre los montes...”

Xosé M^a Álvarez Blázquez tamén recolle na súa obra “*La ciudad y los días*” unha noticia na que se fala dos “*fachos*”. Era o día 24 de xullo de 1823.

“*Se ha declarado de nuevo la guerra a Inglaterra, mientras en España se opera una profunda reorganización militar... Se teme que la flota inglesa de Gibraltar aporte a las costas de Galicia, en cuya prevención es establecida una continua vigilancia de los <fachos>, que con sus ahumadas anunciarán la proximidad del enemigo, especialmente en la <cordillera del mar> sobre los puertos de La Guardia, Bayona, Bouzas y Vigo y en las cumbres que rodean los valles de Fragoso y Miñor.*”

Como se pode colixir por esta noticia, os “*fachos*” seguían operativos no primeiro cuarto do século XIX, cumprindo a misión milenaria pola que foran concebidos.

Na actualidade, comezos do século XXI, consérvanse nas Rías Baixas algunhas das antigas instalacións que serviron de aviso ós nosos antepasados.

O Facho, A Guarda, Pontevedra. Lugar situado no monte Santa Tecla (só perdura o topónimo), era o punto avanzado que controlaba a posible entrada de inimigos procedente da costa portuguesa.

“*La punta de Santa Tecla... existen los restos (1880) de la antigua caseta de vigía...*”



Monumento os Mariños en Monteferro

No ano 1924 levantouse nese lugar o Monumento ós Mariños.

O Facho de Donón, Cangas, Pontevedra. Situado na altura do mesmo nome e dende o cal se domina o paso entre as illas Cíes e Ons así como toda a Costa da Vela.

“... *El Facho, domina toda la costa de la Vela, y sus faldas, meridional y septentrional, van formando ondulaciones hasta fenecer en el cabo del Home y la punta de Osas. Sobre su cumbre se ven los restos de una torre-vigía.*”

No cume do monte O Facho consérvase a caseta que servía de acubillo ós encargados de dar a alarma no caso de observar a presenza de naves inimigas acendendo unha fogueira para dar aviso ó seguinte “*facho*” ata poñer, desta maneira, en garda a toda a costa, ademais dos pobos do interior.

Monte Ferro, Nigrán, Pontevedra. No seu cume alzábase unha caseta de vixilancia utilizada en tempos pasados como sinal de aviso contra as incursións de piratas.

“*De la caseta que servía de habitación al antiguo vigía de Monte Ferro, y que se ostentaba sobre su cumbre, apenas se hacen perceptibles sus restos...*”



Monte Santa Tecla en A Guarda



Facho de Donón

A caseta en perfecto estado de conservación, construída en pedra e traballada, sobre todo interiormente, é de base circular con dúas pequenas ventás e unha porta, da que desapareceron ata os gonzos.

As pedras da bóveda encaixan perfectamente e curiosamente no seu interior non entra nin gota de auga. Algúns autores afirman que este “facho” está construído con anacos de “aras” romanas dun asentamento que se encontraba no mesmo cume, xunto cos vestixios dun castro a penas escavado. No seu teito, de curiosa factura, pódese observar perfectamente a roseta labrada coa mesma depurada técnica como se se tratara da cúpula dunha catedral. Nos arredores tamén se poden ver algúns gravados rupestres.

A torre de A Lanzada en Sanxenxo, Pontevedra. Antiga fortaleza e faro, que servía, o mesmo que os outros “fachos”, de nexo de unión nesa estrutura de sinais que se acendían co obxecto de avisar das posibles incursións dos piratas. Foi mandada construír polo bispo Sisnando e xa figuraba nos documentos de doazón por parte da igrexa de Santiago de Compostela, nomeándoa como “*castellum Sce. María Lanceata*”.



Torre e Ermida de A Lanzada

No ano 1121 o castelo, do que formaría parte a torre, encontrábase en mans de dona Urraca* sendo máis tarde saqueado polos piratas árabes. A guerra dos “Irmandiños” acaba de destruílo e o que chega ata ós nosos días non é máis cun pequeno lenzo da muralla do que foi unha gran fortaleza.

* *Dona Urraca (1080/1126) Raíña de Castela e León dende o ano 1109 ó 1126, filla de Alfonso VI e de Constanza de Borgoña, casou con Raimundo de Borgoña recibindo como regalo da voda a tenencia de Galicia.*

A súa relación de amor/odio con Galicia debese ás súas alianzas e contendas con Xelmirez* co que primeiramente pactou para logo apresalo e de novo asinar un tratado de amizade que perdurou ata a súa morte.

A torre de San Saturniño, Cambados, Pontevedra. Parece ser que foi construída, mellor dito, restaurada, polo arcebispo Xelmirez (1065/1140) co obxecto de que

servira como outro punto máis de defensa contra os piratas normandos, anunciando do seu avistamento mediante fogueiras acendidas nas súas inmediacións e como punto defensivo avanzado.




Torre de San Saturniño en Cambados

Deuse a circunstancia de que nesta torre chorou o seu abandono Xoana de Castro, muller por un día do rei D. Pedro.

Xoana de Castro foi a muller ilexítima de Pedro I de Castela, filla de Pedro de Castro, Cabaleiro de Galicia, e viúva de Diego de Haro, señor de Biscaia.
* *Xelmirez foi arcebispo de Santiago de Compostela (1100)*

A Torre de Calogo levántase na pontevedresa vila de Vilanova de Arousa, e debe o seu nome a un antigo mosteiro que existiu na zona, aínda que non se sabe a ciencia certa en que lugar exacto do municipio. Nos seus arredores atópase un fermoso cruceiro.

“... Non se pode detallar a situación do primitivo mosteiro de Calogo, aínda que ata non fai moitos anos conservábanse no lugar de Calogo unhas ruínas que se tiñan como restos do antigo cenobio.”



Torre de Calago

A torre foi utilizada como “facho” co fin de avisar ós veciños das incursións dos piratas.

Illa de Arousa, Pontevedra. Nesta illa atópase un solar coñecido como “A Torre”, posible “facho” que estaría en concordancia cos citados anteriormente. F. Martín Sarmiento na súa viaxe a Galicia (1745) fai referencia a este particular:

“Creo, con fundamento, que la torre de Aroza era faro o farol para la entrada, pues desde ella se ve la isla de Sálvora...”

Su estructura es en todo semejante a la Torre de La Lanzada y a las Torres de Oeste...”

As Torres do Oeste, Catoira, A Coruña. Asíntanse sobre unha antiga illa, en terreos hoxe en día gañados ó río no medio dunha xunqueira que se asolaga con facilidade.

Sobre elas di o mencionado P. Sarmiento na súa Viaxe a Galicia (1745):

“Son cinco edificios y una ermita dedicada a Santiago. Son dos torreones muy altos y desmoronados, y

de los que, a imitación del faro de La Lanzada, solo quedó un paño... son edificios romanos... De lo dicho se infiere que la voz Torres de Este es corrupción de Turris Augusti de quien habla Pomponio Mela...

Destas testemuñas despréndese facilmente a misión para a que foran construídas estas torres, ou “fachos”, destacando no primeiro termo a súa antigüidade e uso, sempre dirixido á defensa e seguridade da entrada por vía marítima ata Compostela, facendo a dobre función de postos avanzados de vixía e como defensa ante posibles ataques dos piratas..

Aínda que nada máis xurdir ó lonxe as velas das naves inimigas os “fachos” enviaban a súa mensaxe en forma de fume ou lapas, segundo fora de día ou de noite, os belicosos normandos chegaron ata Compostela, esnaquizando a cidade, seguindo, curiosamente, o mesmo camiño que levou o Apóstolo Santiago na súa derradeira singrada.



Torres del Oeste

Bibliografía utilizada:


- Galicia Enteira, Tomo 17, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1980
- Guía das Ermidas Illeiras nas Rías Baixas, Lino J. Pazos, Deputación Pontevedra, 1999
- Siempre de Negro, Emilio González López, Edit. Galaxia, Vigo, 1970
- Síntesis Histórica do Século XVIII en Galicia, Ramón Otero Pedrayo, Galaxia, Vigo, 1969
- Viaje a Galicia 1745, J. L. Pensado, Pontevedra, 1975
- Ciudad y los Días, José M^a Álvarez Blazquez, Edic. Monterrey, Vigo, 1986

"ULTREIA" GASTRONÓMICA, XACOBEO E DIETA GALEGA

Por: Xavier Barreiro • xavier@barreiro.es

As peregrinacións cara ó túmulo do Apóstolo tiveron unha grande influencia na historia europea e de Galicia, influencia que se reflicte nos numerosos estudos sobre arte, literatura e o entorno do camiño a Compostela. Pola contra, pouco sabemos dos costumes alimenticios dos galegos e pelegríns dende os primeiros séculos do Xacobeo. Cómo se alimentaban o viaxeiro e o galego, con qué viandas se topaban ó chegar a Compostela, dende o século X ata hoxe, é o cerne deste artigo, aínda que sería máis apropiado falar dos valores cualitativo e cuantitativo dos alimentos ós que se tiña acceso naquel entón.

Ó longo de mil anos de existencia do Camiño Xacobeo foi medrando en Galicia unha gastronomía propia onde os hábitos alimenticios estaban definidos polo estatus social, polo clima e pola abundancia das




colleitas, polas crenzas relixiosas, e polas diversas epidemias (peste, cólera, guerras, mala administración dos gobernantes, abusos de poder, explotación dos máis humildes, ...) padecidas ó traveso do tempo, variando moito entre séculos o acceso ós alimentos que un pelegrín podía atopar na irredenta Gallaecia. Destaca-las tres dietas existentes na Galicia ó longo deste milenio: a do clero, a da nobreza e a do pobo.

Cómpre sinalar dous feitos na historia da gastronomía galega nestes dez séculos: a inmellorable calidade dos nosos produtos e a escasa influencia, na nosa cociña, do intercambio cultural-gastronómico cos pelegríns; compre salientalo conservadurismo dos costumes no xantar dos galegos dende entón ata o de agora. Pódese dicir que a chegada da pataca e do millo a Galicia, xunto coa aparición no século pasado dos primeiros electrodomésticos (neveira, e logo microondas e vitrocerámica), foron as únicas innovacións nas nosas

lareiras. Durante este tempo desapareceron algunhas especies (porco celta, pescada rosada, algúns frutais) e importáronse outras como complemento dunha mal entendida globalización alimentaria, en detrimento do arrecendo e a calidade do alimento galego; hoxe estamos a recuperar este potencial gastronómico-xenético.

Dende o século X ata o XVI, o mercado foi o centro de actividade compostelán e das vilas galegas, gozando Compostela de dúas feiras moi coñecidas: a da Ascensión e a do día de Santiago. Os veciños reuníanse o primeiro día da Cuaresma para fixa-los prezos e as calidades de tódolos comestibles, así como as datas nas que se podían comer; posteriormente encargáronse destas tarefas os coengos do Cabildo e os responsables de pesar e comprobar tódalas mercancías que entraban a Compostela, impondo sancións ós numerosos infractores. Gracias a estas ordenanzas sabemos que neste mercado atopábanse, xa no século XI, polbos, lamprea, langostas, ollomol, muxo, pescada, mielga, barbos, corvinas, troitas, sardiña fresca e salgada, congro, ostras e percebes, bogas, abadeixo, escacho, sollas, fanecas, robaliza, bodión, lenguado, rodaballo, luras, e cazón, todos estes secos, frescos, salgados ou afumados, e algúns en escabeche.


Ós carniceros tiñan o monopolio da venda de carne de vacún e de porco, así como a obriga de ter provisións para á venda de tres días seguidos, e esta carne non podía ser de bois que traballasen nin se podía vender logo de mata-las reses; tamén hai referencias ós prezos da carne de touros que se mataban nas corridas das festas



do San Xoan e do Apóstolo. Aínda que en Galicia era enorme o consumo de carne de porco hai que ter en conta o menor tamaño e peso da raza de porco celta que se criaba naquel entón, e tamén a parte deste animal

que se comía dependendo do nivel social. Nos mercados podíanse atopar castróns, lebres, cabritos, galiñas e capóns cebados, gansos, parrulos, perdices e perdigóns, arceas e pombas.

O pan tiña que venderse *"bo, salgado, ben coçido e limpo"*, de trigo, millo miúdo (mijo) ou centeo, encargándose de facelo, case sempre, as mulleres. Ás veces non se comprían as ordenanzas,



polo que o Bispo Lope de Mendoza, no ano 1418, advirte *"que as panadeiras da dita cidade*

vendian o pan falecido de peso", ordeando poñer na picota ás infractoras. Na Porta Faxeira era onde se controlaban os pesos dos moletes e a calidade das fariñas. De cando en vez, facíanse as fornadas de pan dentro da vila, pero por mor dos numerosos incendios nestes fornos abandonouse este costume. En tempos de escasez de gran obrigábase ós labregos dos arredores a vendelo, e se non chegaba traíase dende outras rexións.

Ovos, froitas, canela, pementa negra, cominos, cilantro, queixos, aceite (producido nas almazaras do sur de Galicia), vinagre e produtos da horta, petos, pegas e paxaros miúdos, complementarían a oferta gastronómica. O queixo de O Cebreiro, que xa levaban a Roma as lexións, chegou a cotizarse neste tempo como un dos produtos máis caros do mundo, sendo coñecido e moi apreciado nos pazos europeos.


Respecto ás bebidas, sabemos que a sidra, xunto cos viños branco e tinto, eran os produtos de maior consumo na Galicia durante estes séculos. Os viños procedían do Salnés, de Rivadavia, e do Ulla. Ocasionalmente, importabamos viño de Castela, e nos tempos de abundancia na produción exportábamolo á Holanda e Inglaterra, e posteriormente a Italia e Alemaña. Quizais pola influencia dos pelegríns chegados á Coruña dende Inglaterra, os de albión estaban moi interesados nos viños galegos e os Holandeses tentaron mercarnos Acqua Vitae galego, o augardente, pero foron os bispos e curas daquela época os que non permitiron este comercio por mor dos *"males que a los paisanos les podrían sobrevenir de sus contactos con los infieles"*. Os pelegríns

apreciaban os viños galegos porque eran bos, frouxos e de bo sabor, xa que non os gardabamos en pelexos de pel, que lles aportaba mal sabor, senón en pipotes.

Segundo as ordenanzas, todas estas viandas *"se compren tan solo para comer e véndalas a todos por su propia persona e non a regateros,"* prohibindo deste xeito a reventa, eliminando intermediarios e intentos de monopolio na distribución de alimentos, redactando disposicións proteccionistas para os produtos locais, ó mesmo tempo que se loitaba contra os numerosos fraudes alimetarios. Nestes séculos, a dieta do pobo era de subsistencia; a da nobleza hipercalórica e case de fartura diaria; o clero comía abundante e ben, algunhas ordes relixiosas cumprían coas vixilias e as súas crenzas non lle permitían comer carne, agás os enfermos. A esta desigualdade social hai que engadirle epidemias, guerras e malas colleitas, e o feito de ter que pagar en especie moitos impostos. Así e todo, houbo periodos de abundancia que alternaron con tempos de moita fame e miseria. Nunha crónica de Fernando IV no 1301, dise que *"este ano fue en toda la tierra muy grand fambre; e los omes moríanse por las plaças e por las calles de fambre e fue ten grande la mortandad en la gente, que bien cuidaran que muriera el cuarto de toda la gente de la tierra"*.

No ano 1349 entra a peste negra por Baiona, traída dende Crimea por un navío xenovés, pero neste pobo xa padecían unha epidemia de peste bubónica dende o ano anterior; no 1563, o Gobernador del Reino encargoulle ó canónigo Nomparte traer pan dende Castela e Sevilla

pola fame que aquí se sufría, epidemia que se repetiría no 1573 e que se intentou atallar repartindo ós necesitados por toda Galicia; no 1567 comeza a pestilencia en O Grove e durará seis anos,




espallándose a enfermidade por Caldas de Reis, Noia, Vigo, Vilanova de Arousa, A Coruña, Betanzos, Rianxo e Santiago, quedando case deserta esta cidade; nos anos 1579, 1583, 1597 e 1618 volveu a fame por mor das inundacións e as malas colleitas.

Un pelegrín, que podía padecer estas calamidades sufridas polos galegos, tamén era vítima das falcatruadas dos mercaderes e pousadeiros á hora de alimentarse. No Codex Calistinus relátase como os enganaban cando lle vendían o viño ou o gran para os cabalos, como podían ser envelenados ou mortos nas pousadas para roubarlles, os altos prezos que tiñan que pagar, e outros abusos dos que eran obxecto.

Os mosteiros galegos naceron cunha firme vocación de autosuficiencia e rápidamente foron acadando poder e privilexios que lles permitiron almacenar grandes cantidades de cereais, viños, peixes

e carne. Tiñan granxas, albarizas, casais, criadeiros de troitas, terras, pesqueiras, e recibían máis alimentos como pago de impostos. É coñecida unha anécdota na que os monxes, despois de que o abade lles pedira que fixeran dieta para mellora-la súa saúde,



responden que prefiren a enfermidade e seguir comendo un polo por barba, caiga quen caiga.

Nos mosteiros, coma nos hospitais do Camiño, os pelegríns recibían alimentos, xeralmente pan, viño, bacallao e sopa, algunhas veces como consecuencia da doazón dalgún nobre coma Afonso Eanes Torrichano, que no 1325 manda no seu testamento *“que en aquell día que me subpultaren no dito moesteyro de Cellanova huun yantar de pitañça de pan e de vino o de pescado”* para esmoleiros e pelegríns. A importancia da alimentación nun mosteiro vémolala no número de monxes adicados á cociña: celeireiro, refeiteiro, encargado da adega, responsable das esmolas, hospedeiro, cociñeiro, e cada un deles cos seus axudantes. Os mosteiros foron os herdeiros do saber da cociña romana; os monxes cociñeiros os precursores da nosa cociña tradicional.

En canto á realeza, simplemente aportar unha lista dos abastos que o Arzobispo Alonso II de Fonseca tivo que sufragar durante unha visita de Felipe el Hermoso a Compostela no 1506: 20 mollos de viño (5.160 litros), 4.000 cordeiros, 36 vacas, 36 becerros, 1.000 galiñas, 300 rapados de cinade, dúas dúcias de queixos.

Se ben non se atopa moita documentación das receitas galegas anteriores ó século XVII, sendo

abundante esta modalidade de información gastronómica a partires do XIX, un Tratado de Cozinha portugués do XVI amósanos unha receita da lamprea, tal coma se sigue cociñando hoxe en Galicia e como a poido degustar algún pelegrín:

“Receita da lampreia.

Tomarao a lampreia, lavada com agua quente, e tirar-lhe-ao a tripa sobre uma tigela nova, para que caia o sangue nela; e enrolá-la-ao dentro naquela tigela e deitar-lhe-ao coentros e salsa e cebola moito miúda. E deitar-lhe-ao alí un pouco de azeite e po-la-ao coberta com um talhador; e, como for muito bem afogada, deitar-lhe-ao muito poucozinha agua e vinagre e deitar-lhe-ao cravo e pimenta e açafrao e um pouco de jengibre”.

Dende o século XVII ata mediados do XX, a dieta dos galegos era un sustento a base de cereais, viño, legumes e hortalizas, cunha carencia, a cotío ou nulo consumo, de leite e derivados, peixe fresco, e carnes, agravándose este cadro coas vixilias obrigatoriamente voluntarias de carácter relixioso. García Sabell, ten publicado un ensaio no que tenta dálle resposta á orixe da personalidade dos galegos, desconfiada e con moita retranca, afirmando que correspóndese con tantos anos de fame que padecemos, pola incertidume alimentaria de anos.



O Padre Feijoo, cronista gastronómico na procura dun mellor nivel de vida para os galegos, comenta que *“yo, a la verdad, solo puedo hablar con perfecto conocimiento de lo que pasa en Galicia, Asturias y montañas de León. En estas tierras no hay gente más hambrienta, ni más desabrigada que los labradores. Su alimento es un poco de pan negro acompañado de algún lacticio o alguna legumbre vil; pero en tan escasa cantidad, que hay quienes apenas una vez en la vida se levantaron saciados de la mesa.”* Cando fala dun legume vil é de supoñer que non se refire ás berzas que el trouxo de lonxe e

mandou sementar na súa horta: *[La semilla del repollo murciano trasladada a la tierra en que yo nací, a la tercera o cuarta generación de una planta (que llaman **berza gallega**), en cuanto a tamaño, figura y casi todas las cualidades sensibles, distintísima de la planta bisabuela suya. ¿Quién me asegurará que la semilla de la berza gallega, vuelta a Murcia, producirá repollo? Lo mismo digo del centeno restituído al país de donde salió en forma de trigo.]*

Feijoó, quizais esaxerando un pouco, tamén describe á lonxevidade dalgún habitante do século XVIII por mor dos produtos galegos de calidade que xantou en vida: *[País donde viven mucho los hombres. En Galicia murió el año pasado de 1726 un pobre labrador llamado **Juan de Outeiro**, vecino que fue de la villa de **Fefiñanes** (Cambados), [...] salen **146 años de edad**, y es digno de reparo, que su común alimento era pan de maíz y berzas cocidas, tal vez alguna sardina o almeja, su regalo extraordinario puches de leche y harina de maíz; carne de vaca sólo la comía algún día festivo; vino (aunque le bebía) rarísima vez, por su escasez de medios le lograba; [...] siempre se manejó con firme agilidad y tanta entereza en el juicio como si tuviera cuarenta años.]*. Esta é a base da dieta galega da costa.

Os pelegríns franceses de mediados do XIX non lles debeu sorprende-la situación de fame e miseria na Galicia, a xuzgar polo publicado na Gaceta de Madrid (nº 323, do 19 de novembro de 1853), publicación antecesora do B.O.E., onde o Ministerio de Estado facía público que *[... los Eminentísimos Sres. Cardenales Arzobispos de Lyon y de Burdeos le han dirigido, el primero la suma de 10.000 francos, producto de la limosna que ha recogido de sus feligreses para socorrer á los desgraciados habitantes de Galicia; y el segundo la de 5.000, [...] S. M. ha dispuesto se manifieste á aquellos Principes de la*



Iglesia su particular agrado y reconocimiento por el celo y caridad que han empleado en esta ocasión a favor de aquellos desgraciados.]. Sería a historicamente gratificante, e de

xustiza, averigua-lo destino e uso destes cartos. Así e todo, a limosna destes franceses non foi capaz de rematar outro século miserento para nós.

Os viaxeiros nesta Galicia laiábanse das malas pousadas e da falta de boas comunicacións, da dificultade para acadar bos alimentos en contraste co potencial, no mar e na terra, para producir alimentos. Foi entón cando comezou o rexurdir do Xacobeo coincidindo cun certo auxe no nivel de vida galego. A carencia de alimentos diminuíu coa chegada do millo (no século XVII) e da pataca, pero os nosos costumes gastronómicos tradicionais perduraron ata mediados do XX. Os pelegríns do XVIII atopáronse cunha innovación gastronómica usada polo clero de Compostela como medicina: o xeo, que se recollía nas neveiras dos mosteiros cercanos e que se trasladaba á sede eclesiástica; mesturado con leite, especias ou zumes de froitas, tiña moita aceptación.

Julio Camba, nun artigo publicado nos anos cincuenta na revista Galicia Emigrante, demostrou o carácter relixioso da nosa cociña ó afirmar que as cociñeiras galegas cocen os percebes mentras rezan un Ave María. Só lle faltou lembrarnos a empanada



galega inmortalizada na pedra da catedral de Santiago. Neste milenio de gastronomía galega houbo costumes, supersticións máis ben, que mesturaban a relixión coa comida: dálle de comer anacos de pan ás fontes e o lume, facer unha cruz na masa do pan antes de levedar, os banquetes ó pé do cadaleito, os magostos, e outros tantos feitos que demostran esta mestura. Se isto é certo, ¿quen pode dúbida da relixiosidade da gastronomía do Camiño en terras galegas?

O APÓSTOLO SANTIAGO EN GALICIA

Por: José Miguel Besada Fernández



Quizás pola divulgación que o seu coetáneo, o grego Estrabón, nos albores do cristianismo, describe por primeira vez as costas e a terra galega, así como tamén ás súas xentes, costumes e modos de vida, o apóstolo Santiago decidiu, e así llelo comunicaría ós seus discípulos, que estas terras dun

mundo tan afastado, de costas ó Mediterráneo, mar de cultura e civilización adiantada, sería o lugar destinado para a súa honra e para ser un dos centros capitais do cristianismo, que perdurará ó longo dos séculos e que uniría a cultura espiritual que ó longo dos séculos fixeron camiños ata Compostela para renderlle homenaxe ó Apóstolo.

Quizás polo destino divino, este extremo aínda prehistórico do noroeste da Iberia, fose a terra prometida e privilexiada para o repouso do corpo de Santiago o Maior e que o trunfo da fe quedaría aí simbolizado para todo o mundo cristián.

Fora deste xeito ou doutro, os discípulos do apóstolo, seguindo unha das rutas dos seus veciños fenicios, cando ían a busca-lo estaño, atravesando o Mediterráneo, cruzando as columnas de Hércules, seguiron rumbo ó norte, buscando esa “terra prometida”, ignorando quizás a gran transcendencia que tería esa viaxe para o humanidade, para a cultura occidental, para a península ibérica e máis concretamente, para Galicia.

ONDE DEUS POUSOU A MAN

Despois de seguir a longa costa occidental da península chegaron a un lugar fascinante: “ a terra prometida”, onde Deus pousou a man para descansar despois da creación do mundo; un lugar onde a terra e o mar xogan harmoniosamente; onde o mar esta adornado de illas preto da terra, desde as Cíes, Ons e Sálvora por fóra e interiormente pola grande de O Grove e a de Arousa, así coma outras máis pequenas e os numerosos illotes e cons; un mar cunha gran

variedade de peixes, crustáceos e moluscos polas praias que deberon abraiarse a aqueles que posiblemente foron pescadores do mar de Tiberiades; un mar sen grandes tempestades, un remanso de paz, doado para descansar despois de tan longa travesía, na que deberon sufrir mil e unha penalidades.

O paradisíaco lugar non estaba deshabitado; ó contrario, estaba ocupado por numerosos e importantes poboados, incluso nas illas, pero moi diferentes dos do Mediterráneo. Aínda non chegara a civilización dos romanos. Polo tanto non había calzadas nin urbes importantes; tampouco se coñecían nin as lexións nin as leis romanas. A vida seguía coma catrocentos anos atrás, conservándose a cultura castrexa, dos tempos da idade de bronce. Vivían por e para a natureza, a que

adoraban; tiñan unhas leis sinxelas para organiza-la súa convivencia e a defensa das invasións de saqueadores que procedían do mar, relativamente frecuentes naquela época. Por iso os poboados eran tamén fortificacións situadas en lugares estratéxicos.



Mapa do século XVI

A SIRADELLA

É o lugar máis estratéxico da parte sur da ría de Arousa, ría xacobeá por excelencia, por onde entrou a barquiña que traía ó Apóstolo nesta transcendental misión que determinou, para ben ou para mal o destino deste país. Situada na parte sur da península, entón illa de O Grove, fronte mesmo á praia e á ermida da Lanzada, dunha altitude de 165 m. , alcanza unha ampla panorámica, na que se dominan as entradas das rías de Arousa e de Pontevedra; tódalas illas das rías Baixas e o Atlántico que se perde no horizonte.



Faro de Sálvora

É un templo para os naturalistas, onde o ar, as pedras e o mar que se albiscan todo ó redor, teñen vida propia. É testemuña das transformacións xeolóxicas do mar, o ar e a choiva, das migracións das aves mariñas, que aínda teñen un paraíso na enseada que está ó pé do monte.

Está intimamente ligada á lenda do pobo do Grove: a lenda do meco, onde os veciños, ante os abusos deste sinistro personaxe tiveron que tomala xustiza pola man e colgárono nunha figueira dese monte, para mostrarllo ós viaxeiros que entraban na península, para que servise de escarmento e exemplo do que se fai neste pobo cos que non respectan ós cidadáns e abusan dun poder despótico.

A SIRADELLA NA RUTA MARÍTIMA DO APÓSTOLO

Desde a fortificación castrexa neste monte da que, aínda que non fixeran ata o de agora nin escavacións nin estudos arqueolóxicos, quedan restos, sequera mal conservados, que indican que aí houbo un poboado de certa importancia na época á que nos remitimos e que no seu amplo horizonte controlaban ás embarcacións e os movementos das xentes que navegaban por esa zona; ós barcos que viñan a polo estaño, tan necesario nese tempo; ós comerciantes que viñan efectua-lo troco das súas mercadorías polos produtos que cultivaban os

nativos; os saqueadores dos poboados da costa, ós pescadores . . . , e tamén, nun día histórico, á barca que levaba ó fillo do Zebedeo, unha anomalía do que era habitual e que tivo que espertar neles unha gran curiosidade e estrañeza por ser algo que non era normal nestas costas.

Aquí foi onde a barca virou o rumbo. Xa non seguiu pola costa cara ó norte, senón que determinou meterse polo interior da ría, entre as terras do norte e do sur, buscando o lugar de confluencia e atopándose con que estaban separadas por un río, o Ulla.


Agora ben, ¿ por que ó chegar a este punto, a illa de O Grove, tomaron a decisión os discípulos do Fillo do Trono de meterse ría adentro ?

É normal que os nativos sentiran a curiosidade pola finalidade da viaxe daquela barquiña, xa que non era unha viaxe normal nesa zona e naquel tempo; tamén é normal que os navegantes se interesaran por estas terras e pediran información ós habitantes do castro.

O que si podemos pensar é que algo debeu de haber para que aquí na, por aquel entón, illa de O Grove, controlada polos poboadores do castro da Siradella fora o lugar determinante para que a barca que traía os restos do Apóstolo tomara un novo rumbo e se metera cara a dentro da ría e rematar aquela transcendental misión.

PEDRAS FECUNDADORAS Á BEIRA DOS CAMIÑOS PORTUGUESES A SANTIAGO

Por: Estanislao Fernández de la Cigña Núñez



INTRODUCCIÓN

Partindo da base que non hai un só camiño portugués cara á Santiago, senón que son moitos os que entrando por diversos lugares da fronteira van máis ou menos paralelamente discorrendo cara á cidade do Apóstolo ata converxer nel, traemos hoxe a colación unha das máis sorprendentes facetas que aínda perduran en Galicia

para propicia-la fecundación da terra, do gando e das mulleres, favorece-las colleitas e manexa-lo clima e que atopamos á beira dalgúns deles.

Da mesma maneira que existe un dito popular que asegura que "tódolos camiños conducen a Roma" ou que "preguntando achégase a ela", no armazón case infindo de vereas, congostras, corredoiras, estradas, autovías, etc. que entrecruzan os máis afastados lugares de Galicia, podemos asegurar que todos son ou foron, algunha vez, "camiños xacobeos", pois ían ou viñan daquela cidade.


Neste contexto, camiños vellos, agora esquecidos, vereas que percorren as chairas encumiadas, antes transitadas por arrieiros e peregrinos, nunha época na que uns e outros viaxaban xuntos, os primeiros na busca de mercados para os produtos que levaban, os segundos tras unha meta que lles reportara sosego, tranquilidade de espírito e estado de gracia.

UN DESEXO IMPOSIBLE DE CONSEGUIR: DOMINA-LA NATUREZA

Dende sempre, o home intentou domina-las forzas da natureza para telas baixo o seu control, unhas veces por pura conveniencia, outras por seguridade e as máis no seu afán de sobrevivir á adversidade e maila desgracia. Dende que comenzou a súa tarefa como labrador e mesmamente antes, cando soamente perseguía con frechas e lanzas ós animais dos que se alimentaba, tanto o exceso de chuvia como a escaseza da mesma foi unha das súas preocupacións máis inmediatas e perentorias nas que lle ía, en moitas ocasións, a propia vida. Domina-lo clima foi por tanto un dos seus maiores degoiros e nesa busca incesante quixo semellarse ó propio Deus.

Neste traballo que agora presentamos, non xulgaremos nunca a efectividade ou inocencia dos métodos empregados polas xentes desta terra para conseguilo que ansiaban: dobrega-la marcha da natureza, altera-los ciclos climáticos, potencia-lo nivel reproductivo do agro, dos animais e da propia especie humana. Limitámonos a expor como elementos primitivos, seguramente en vigor dende a

prehistoria máis absoluta dos tempos, sobreviviron ós nosos días e chegaron ó ano 2001, terceiro milenio da era cristiá, onde o autor os atopou exercendo a súa función mediática, se non coa efectividade da que se cría gozaban nun principio se, polo menos, coa mesma fe de antano nos seus resultados finais.



Lapa de Gargantás (Moraña - Pontevedra), menhir primitivo monolítico relacionado coa fecundidade. Calcúlase que se fixo uns 3.000 anos antes de Cristo.

Noutras épocas, cando as doutrinas do cristianismo aínda non tiñan calado nos seus corazóns, imaxinamos ós homes levantando altares nas cimas das montañas, buscando a benevolencia dos deuses ós que adoraban e dos que se sentían favorecidos. Ofrecerían sacrificios e acharon que as oracións nas alturas se volvían como máis propicias e reconfortantes. Moitos séculos despois, os primeiros predicadores chegados das terras de Palestina atoparon un pobo bárbaro, seguramente cruel polas circunstancias e o medio adverso no que vivía, panteísta ou, en todo caso, animista, ó que converteron, ós poucos, á fe de Cristo. Esta mesma fe que alterou a cultura do mundo (in)civilizado ata os mesmos alicerces, conviviu e segue a convivir aínda coas antigas crenzas, cada vez en menor grao. Que o

priscilianismo e outras formas de herexía atopasen terreo adubado en Galicia era de prever, dados os antecedentes dos que se partía.

Dous mil anos, sen embargo, non foron suficientes para aboli-las vellas crenzas asimiladas ata a medula dos propios ósos e agochadas secretamente nos últimos compartimentos estancos do corazón dos galegos e o que facían antes de coñece-la verdade, seguiron facendo despois de asimilala. Cando hoxe falamos de menhires nas nosas montañas que seguen funcionando exactamente igual que antes, a xente da cidade fai un xesto raro, prega o cello e mírache con estrañeza, e como pensando:

- ¿Pero, que estás a dicir? ¡Sei que toleaches!

Mais a verdade é que aínda se seguen a practicar ritos propiciatorios para atrae-las augas, escorrentando as secas que tantos estragos provoca e conseguí-lo tempo favorable para os intereses da poboación moito máis frecuentemente do que imaxinamos. Trátase, nin máis nin menos, de propiciar con eles a fecundación da terra e con esta, a da gandería e maila propia especie humana. Indubidablemente, aquelas técnicas arcaicas, profanas, nos que a simboloxía sexual máis exacerbada que formaba parte dos ritos foi substituída nalgures con vantaxe pola Igrexa, propugnando no canto daquelas actuacións outras máis místicas e acordes cos tempos, nos que distintos santos, virxes, cristos e cruces saen en procesión co fin de que os ceos sexan os necesarios para as demandas que con tanta fe e angustia se solicitan. Poñámo-lo caso da Irmandade do Clamor do monte Santa Tecla, na Guarda (Pontevedra), que naceu tralos mesmos afáns dos antigos menhires, pero con estatutos, rexistros e a bendición papal chegada en forma de bula dende a mesma Roma.

DOS RITOS PRIMITIVOS AÍNDA EN VIGOR

A transición da época pagá ó cristianismo neste asunto da fecundación foi modificándose ós poucos, pero, en realidade, esta mesma permanencia estanos a dicir que existiu dende as máis escuras das épocas, cando o home non alcanzaba a albiscar aínda os segredos do clima e pensaba que este, como outros moitos fenómenos naturais, eran caprichos arbitrarios dos deuses ós que había que reconfortar a pesar de manterse sempre invisibles e a prudente distancia.

Cando unha manifestación calquera chega ata os nosos días procedente da antigüidade máis remota quere dicir que a súa historia terá, seguramente, elos máis primitivos que escapan do noso coñecemento, pois nós soamente alcanzamos a ver os últimos aneis daquela evolución que, ademais, aparecen matizados, disimulados e maquillados pola cultura adquirida ó longo do propio fenómeno. Na actualidade hai un termo acuñado para este tipo de cousas procedentes do pasado e das que ignoramos o seu nacemento. Dicimos, entón, metafóricamente, por dicir algo, que: “a

súa orixe se perde na noite dos tempos...” e quedamos, como se di agora, “a mar de ben” e por completo satisfeitos.



Miliario de Guizán (Mos - Pontevedra), chanto da "Vía per Loca Maritima" que de Braga se achegaba a Lugo. Perdeu a súa primitiva funcionalidade e ata hai pouco tempo tiña aparelados ritos de fertilidade.

Se hoxe en día resulta difícil establecer pautas de conducta ou de moda permanentes no tempo a pesar de contar cuns medios de masa sorprendentes (prensa, Cine, TV, radio, internet, etc.), debemos pensar de que xeito estas crenzas estaban metidas nas almas dos nosos devanceiros para manterse vivas ó longo de miles de anos, nos que precisaron burlar, primeiro, e esquivar, despois, outras ideas impostas, pero, sobre todo, opostas as que beberon ata a mesma saciedade.

Se non fose verdade que os ritos de fecundación realizados a través dos menhires dos que estamos a falar non desen resultado, hai moitos anos que as tales pedras desaparecerían como referencia obrigada e deixarían de ser utilizadas fronte á adversidade, porque parece difícil mantela mentira dun xeito prolongado e nós non estamos a falar dunha moda pasaxeira, dun rito esquecido, dunha historia da pre-historia, dun conto ou unha lenda.

Pero, sexan menhires auténticos, miliarios das vías romanas ou laxes máxicas posteriores no tempo, podemos garantir que todos están situados ben nos cumios das montañas ou nas súas abas, en lugares afastados, ata poderíamos dicir que agochados, onde a súa supervivencia pasaba e segue a pasar moi desapercibida a quen que non saiba da súa situación. Deste xeito, esquivando o poder disolvente da Igrexa Católica foron capaces de achegarse ós nosos días, onde aínda uns poucos seguiron cumprindo a función encomendada dende a súa execución: fecundala terra, para que esta proporcione o pan de cada día, empreña-lo gando, para que a carne non falte nunca e embaraza-las mulleres, para que os fillos, considerados en tempos como unha bendición dos deuses, garanten a vellez dos pais, a supervivencia familiar e de tribo, en poucas palabras: a perpetuidade "in eternum" da especie que os fixo.

Se alguén pretende acada-la lúa tirándolle pedras, despois do cuarto ou quinto intento non lle quedan máis ganas de seguir facéndoo e fica absolutamente convencido da súa inútil pretensión. Da mesma maneira, poderíamos argumentar que con sete mil ou máis anos de ritos fecundadores a través das pedras e rochas se estas non demostrasen unha certa eficacia, polo menos psicolóxica, terían desaparecido hai moito tempo da nosa rexión. Claro que, quizais, o exemplo que puxemos, o de tira-la pedra cara á lúa, resulta demasiado convincente e atrae-las augas do ceo cara a terra ten bastante menos consistencia, e polo tanto, máis doses de imprecisión, o que lle permite burlala súa eficacia a través desta vía que asegura a súa permanencia no tempo. De tódolos xeitos, para sobrevivir ó longo de milenios algunha eficacia deberían ter demostrado para non finar un día subitamente na travesía como elementos estériles e polo tanto, absolutamente ineficaces e inocuos, tanto como as pedras tiradas nunha noite aloucada e sen rumbo ó satélite da Terra.

DE COMO ROMA FAVORECEU O CULTO SEN PRETENDELO

Cando Iberia caeu baixo o poder dos romanos, estes abriron vías de comunicación para exercer-la soberanía e favorece-lo comercio. Os camiños enlousados da mesma maneira cas estradas actuais tiñan os seus chantos marcando distancias e sinalando roteiros, pois, aínda que non fosen moitos, o camiñante sempre desexou coñece-la ruta que pisaba e, sobre todo, a distancia que lle faltaba para o final da etapa. Certamente que só unha parte ínfima daquelas pedras enormes chamadas no argot dos entendidos "miliarios" pasaron á historia da fecundación e da maxia. Pero a ninguén se lle escapa o parecido que existe entre estes chantos quilométricos


das antigas estradas e un falo xigante. Por iso, en Guizán (Mos - Pontevedra meridional) o miliario da coñecida "Vía per Loca Maritima" que dende Bracara Augusta (Braga) pasaba por Tude (Tui) e chegaba a Aquae Celenae (Caldas de Reis) e remataba en Lucus Augusta (Lugo) déronlle en atribuír sobresaíntes facultades que moitos séculos despois o camiño portugués que pasa o seu mesmo carón se encargou de espallar ós catro ventos.

A CREACIÓN NACE DA CONXUNCIÓN DE FEMIAS E MACHOS

No monte Aloia, ó carón da cidade romana de Tui e podemos dicilo así con toda propiedade, existe unha rocha que a maneira de tellado cubre unha especie de cavidade coñecida pola "Cama de San Xiao". Din que quen xace nela con muller asegura axiña a súa fecundación a pouco que se esforce minimamente.

Polo tanto, en Galicia temos dous tipos diferentes de rochas ou pedras fecundantes: unhas convexas, masculinas, que adquiren a forma dun falo. Son miliarios, menhires, pirámides, cilindros, etc. mentres que outras con aparencias cóncavas, fendidas, vaxinais, son, en definitiva, absolutamente femininas na súa morfoloxía.

Máis coñecida ca cama do Aloia é, sen dúbida, a que atopamos no cabo de Fisterra e que alí recibe o nome de "Cama de San Guillermo". Estes leitos e outros moitos, reciben os nomes dos santos que teñen capelas ou santuarios que se acha nas inmediacións. Pero, posiblemente, a ninguén se lle ocorre que teñan nada que ver cos mesmos e si con practicas pagás de fecundación, moi anteriores á propia cristianización do lugar. Non descubrimos nada se dicimos



Cama de San Xulian, no alto do monte Aloia (Tui - Pontevedra), onde a pouco que un se esforce conséguese a preñez da parella.

que Tui está no mesmo inicio galego do principal camiño portugués a Santiago e que Fisterra e o verdadeiro final de tódolos camiños de peregrinación. O curioso é que o camiño comenza e remata nunha cama.

Parece que os nosos devanceiros con estas prácticas dominaban dalgún xeito a fecundación nun tempo no que a supervivencia dependía moito máis ca agora dun número elevado de fillos. Por iso, estes ritos nos que interviñan camas e falos acadaban unha grande importancia social e un bo espallamento xeográfico. Dalgún xeito, poderíamos dicir que eran necesarios, máis ca iso, imprescindibles, pois estaba en xogo non só a supervivencia familiar, senón a tribal. E isto era o máis importante de todo.

Pero debemos pensar que a continuidade do home sobre a Terra depende non só do seu grao de fecundidade. A falta de alimentos ocasiona a desaparición da especie nun prazo moi curto, case instantáneo, mentres que a esterilidade nótase máis paseniñamente na poboación. Se a primeira a dezma nunhas semanas, a segunda actúa tan só co paso dos anos. Atopa-las claves da dominación do clima para favorece-las colleitas facíase, pois, realmente imprescindible e de conseguirse, trataríase, realmente, dunha táboa de salvación que garantizaba por sempre o futuro do pobo.

O principio que regula o clima nos menhires actuais ten o mesmo fundamento que rexe os procesos reproductivos das especies superiores, falamos por exemplo dos mamíferos, entre os que se atopa o home. Debemos supoñer que os argumentos que manexan as xentes primitivas teñen que ser, necesariamente, sinxelos na súa estrutura para poder asimilalos con prontitude e sen maiores problemas polas súas mentes pouco desenvolvidas. As abstraccións son sempre difíciles de manter e comprender por pobos pouco evolucionados. Conceptos como cantidades e números escapan da maior parte da comprensión das xentes sen grandes luces. Atopámonos, así, que algúns son capaces de contar ata dez, porque dez son os dedos das mans, quizais ata cen, pero lles resulta imposible pensar cal é a representación de 5234 ou sete millóns, por poñer uns exemplos. Seguindo con este razoamento, chegamos onde queríamos chegar: o funcionamento dos menhires, falos xigantes da produtividade dos campos. A súa propia visión, fálanos da súa sinxela misión neste mundo.

A CAPACIDADE FECUNDADORA DOS MENHIRES

Un menhir pode estar composto por unha ou por varias pedras. Acada sempre unha forma alongada, semellante a un prisma, a un cilindro, a un cono ou pirámide, en definitiva, lembra ó órgano reproductor masculino.

Necesariamente en toda fecundación precisamos igualmente dun elemento feminino e atopámolo na cúpula celeste, no propio ceo que está por riba da terra, que é, neste

caso, a femia. A fin e ó cabo, tamén ten unha forma cóncava, ou mellor dito, adapta a forma cóncava por excelencia. Na fecundación, o elemento masculino precisa dunha erección. E aínda que pareza mentira, no rito da fecundidade do que estamos a tratar esta prodúcese igualmente. Os homes levantan o menhir para que elevándose cara ó ceo acade o seu punto de máxima expansión. Prodúcese, axiña, a chuva a maneira de satisfactoria exaculación e os campos, gracias ó torrente de esperma, xerminan, crecen e acaban por madura-los froitos.

Cando chove de máis e as humidades e fungos podrecen as colleitas precísase retirar-lo falo da súa posición erguida e deita-lo no chan. Acabouse o coito prolongado e canso. Coa calma que proporciona a paixón satisfeita, sae o sol. Podemos dicir que os amantes descansan e dormen.

Este e non outro é o argumento que rexe o principio fecundador das pedras e por el seguiremos camiñando, agora que coñecemos as leis sinxelas do seu funcionamento para poder entendela coa mentalidade do home actual que ten con aqueles que o idearon, miles de anos de evolución e aprendizaxe sen fin.

OS MENHIRES FECUNDADORES NA GALICIA ACTUAL

En xeral, podemos atopar dous tipos de menhires, os formados por unha ou poucas pedras e aqueles que están constituídos por unha morea delas. Como norma, podemos albiscar que son máis primitivos os que teñen a súa estrutura integrada por unha ou varias pedras e que resultan máis evolucionados e, polo tanto, máis modernos e eficaces, os elaborados por moitas. E dicimos por que. Este proceso tamén parece fácil de entender. O menhir formado por unha ou varias pedras, acada sempre o mesmo tamaño e exactamente a mesma forma, pois non admite máis que unha soa maneira de montaxe. O menhir que integra unha maior cantidade de elementos pode reconstruírse de mil maneiras diferentes e o resultado será tamaños distintos en formas máis ou menos semellantes.

Se nos parece que a medida non é suficiente, podémoslle engadir algunhas pedras máis por riba, convertendo un falo pequeno nun moito maior, e polo tanto, bastante máis eficaz a hora da fecundación, que é do que se trata.

Ás veces, atopamos parellas de menhires nos que o maior, se identifica sempre como do xénero masculino e ó máis pequeno co feminino. Neste caso a fecundación dos campos coa chegada da chuva prodúcese cando ambos acadan a súa posición vertical. Loxicamente, cando se trata de parellas a fecundación nace do coito simulado que ambos menhires realizan, para iso representan macho e femia. Non caben outras suposicións diferentes neste asunto.

MENHIRES PAGÁNS, ROMANOS E CRISTIÁNS

Os menhires pagáns enlazaron despois cos romanos e máis tarde cos cristiáns. Dende unha perspectiva histórica pouco importa en que datan naceron estes ou aqueles, o caso é que todos naceron co paganismo, sobreviviron co imperio romano e se integraron co cristianismo. Aínda que a maioría debeu sucumbir nesta última etapa da súa existencia, hainos, sen embargo, que conseguiron chegar por increíble que pareza ó día de hoxe, cando redactamos estas liñas no comenzo do verán.

Efectivamente, aínda que ata aquí daba a sensación de que estabamos a falar de cousas primitivas e sen uso, podemos asegurar que aínda que teñan unha orixe descoñecida e milenaria, a súa vixencia segue viva como ó principio dos tempos. Se comencian a desaparecer agora non é por falta de crenzas e convencementos, senón, máis ben, por falta de medios para erguelos e deitalos consonte ás necesidades dos labregos e gandeiros que acreditan neles. É dicir, o despoboamento do campo trouxo consigo que non haxa xente suficiente como para podelos erguer e deitar, segundo as necesidades, como sucede agora mesmo na serra de Faro de Avión (Ourense) co Touzo e maila Touza, xa que se precisan varios homes para o levantamento do macho e outros tantos para deitalo no chan, unha vez cumprida a satisfacción a súa función fecundadora coa súa parella de sempre.



Os "Santiños da Portela", Tomonde (Cerdedo - Pontevedra), tal e como os atopou o autor o día que estivo o seu carón: o 19 de maio de 2001. O macho ten de alto 1,90 m e a femia 1,14 m.

CRENZAS ARREDOR DESTAS PEDRAS

Diciase na aldea de Camposancos (Avión - Ourense) que a pedra que conformaba o menhir chamado Touzo tiña ouro no seu interior e que gran parte do poder que manifestaba se debía precisamente a esa circunstancia. Así que un día a racharon. Dende entón, no canto de estar formado por un só bloque monolítico presenta varios anacos

de relativo tamaño que admiten unha soa composición. En palabras de Francisco, "O Grande de Camposancos", foi mellor así:

- Eu xa sabía que non tiña ouro. Pero rompérona para se convencer. Agora, móntase e desmóntase máis facilmente, pois antes tiñamos que vir unha morea de homes con cordas e non era nada fácil de levantar.


AS PIRÁMIDES DE TOMONDE (CERDEDO)

Un deses camiños xacobeos que partía da fronteira portuguesa, pasaba por Ribadavia, remontando a serra de Faro de Avión, onde deixaba a súa esquerda ó Touzo e maila Touza e internábase, logo, polo Suído, fronteira natural entre Ourense e Pontevedra camiñando pola parte alta, onde

recibía o nome de "Verea de Santo Domingo". Continuaba, despois, na busca da vila da Estrada para rematar en Santiago, pasando antes por Folgoso e Tomonde. Precisamente aquí, nesta aldea pequena do concello de Cerdedo (Pontevedra), faremos unha parada para retroceder nuns instantes tres mil ou catro mil anos, cando outros menhires, postos por pobos

galaicos descoñecidos, moi interiores ós celtas, ergueron as súas pedras, como falos xigantes os que renderon culto na esperanza de que a fecundidade propiciara o crecemento da tribo e o progreso da mesma.

En Tomonde os menhires, agora re-bautizados cristianamente co nome dos "Santiños da Portela" por atoparse neste monte, precisan de centos de pedras para acadalo tamaño desexado. Son, de acordo co que levamos dito, a última etapa da evolución das pedras fecundadoras. O grande é macho, o pequeno femia. Acadan de altura, a última vez que os medimos: 1,90 m e 1,14 m, respectivamente.



O autor se esforza en levantar, aínda máis, o "Santiño" que representa a virilidade, engadíndolle algunhas pedras por riba. "Santiños da Portela", Tomonde (Cerdedo - Pontevedra), pirámides actuais levantadas para manexalo clima.

PRÁCTICAS HOMOSEXUAIS XA NA MESMA PRE-HISTORIA

Necesariamente temos que ser breves na nosa exposición, que precisaba ser bastante máis longa para expoñer, polo menos, unha parte de todo o que levamos recollido sobre ritos de fecundación nas pedras ó longo destes últimos anos, pero non nos resistimos a rematar sen falar da rocha dos Penes, no concello das Neves (Pontevedra meridional), onde esta laxe fecundadora nos

presenta ante a propia vista prácticas homosexuais primitivas que non precisan de moita explicación literaria. Sobre a súa superficie case cha, aparecen gravados dous penes, desideratum dos varóns galegos, que se afastan bastante das medias nacionais, pois acadan 24,5 e 23 cm de longo. Teñen orientadas as súas cabezas cara a un círculo equidistante de ambos, que se afasta moito de querer representa-lo órgano feminino de reprodución e que mide 6 cm de diámetro.



Pedra dos Penes, Taboexa (As Neves - Pontevedra meridional) quizais relacionada no principio con prácticas homosexuais. Trátase de insculturas antigas, anteriores á época castrexa e que damos á luz por primeira vez neste traballo.

REMATAMOS COMO COMENZABAMOS: FALANDO DA FONDA NEGRURA DA NOITE

Na actualidade, esta pedra, perdeu as prácticas fecundadoras das que gozaba en favor da devoción a San Bartolomeu que se venera na capela do seu nome que se acha moi próxima. Pero non esquezamos que San Bartolomeu sempre estivo moi relacionado coa reprodución e, hoxe en día, aínda lle ofrecen galiñas e coellos que despois son subastados na grande romaría que se lle celebra cada 24 de agosto no seu santuario montés. E non hai animais domésticos que máis se reproduzan cos anteriormente mencionados. Estas prácticas aínda perduran na memoria das xentes maiores que lembran como as mulleres da bisbarra que querían quedar preñadas ían a pedra, asentaban as súas posadeiras sobre ela e refregaban o seu sexo contra aquelas gravacións peniais cunha idade que se perde, e non podemos rematar doutra maneira, ...¡na noite escura dos tempos!

Sanguñeda (Mos), a 2 de xullo de 2001

O CAMIÑO XACOBEO MARÍTIMO DAS ILLAS CASSITÉRIDES "A RUTA DAS ILLAS MAIORES (1)"

Por: Celestino Pardellas de Blas



O Candorca, así se facía chamar pola súa afección ós mamíferos mariños, (Candorca, nome que recibe o cetáceo *Orcinus orca*), era un mariñeiro nativo de Aguiño, pobo pertencente ó Concello de Ribeira na ría de Arousa.

Para el o mar érao todo. Á idade de catorce anos, xa ía ó mar co seu pai na dorna; ós dezaseis

enrolouse nun barco de baixura de Ribeira que faenaba pola ría e preto das illas Ons e Sálvora e ós dezaoitto embarcou para o Gran Sol, levando unha relación co mar que xa dura vinteoito anos.

Navegou por tódolos mares do mundo, e non tiña reparos á hora de elixir os barcos onde traballar. Así foi como faenou en pesqueiros e apuntouse a petroleiros, mercantes, . . . , e ata estivo un tempo nun cruceiro como axudante de cociña.

Corría o ano 1999 e o Candorca atopábase ás luras nas Malvinas, traballando nun arrastreiro. Na tripulación había outros cinco galegos e a todos lles tiña o seu alcume. El lles poñía, de xeito agarimoso, o nome dalgún peixe: O Xurelo, pequenote, delgado e moi faladeiro, nacido e casado na Garda; O Ollomol....., de Noia; O Robaliza....., nativo de Ons; O Melga..... e O Arroás.....

Ocorreu que remataran a marea e o barco tiña que ir ó carro durante un mes e medio por mor dunha avaría. O Candorca decidiu quedar en Mar de Prata, seica por culpa dalgún amorío, pois el era dos que dicía: - *"Todo mariñeiro que se prece, ten un amor en cada porto"*. O Xurelo, que era co que el máis se levaba, colleu o avión cara a Santiago para ver á súa muller e os seus dous fillos.

Pasou o tempo voando e de novo volveron á faena. Ó chegar, O Xurelo púxose a contarlle que moitísima xente peregrinaba cara a Santiago, pois era Ano Santo e que el, xunto cuns amigos de a Garda e Baiona embarcaran en Ribeira e fixeran o Camiño Marítimo. O Xurelo rematou decíndolle: - *"Todo mariñeiro debería facer unha vez na vida o Camiño ese, pois o Apóstolo tamén fora mariñeiro coma nós."*

O Candorca quedouse co conto e comezou a interesarse polo tema. El sabía, dos tempos da escola, que había un Camiño a Santiago que viña de Francia, pero dun Camiño polo mar, non tiña nin idea.

O Xurelo entón informoulle que dende hai nove anos se revitalizou o tema do Xacobeo e que, ó carón do Camiño Francés, déronse a coñecer outros que, ó longo dos séculos, foran tamén empregados polos peregrinos para chegar a Santiago; un deles era o Camiño Marítimo, precisamente aquel por onde, segundo a tradición viñeran os restos do Apóstolo para Compostela.

Ó Candorca, que non era moi relixioso, decidiu entón que, ó remata-la marea, faría a ruta da que falaba o seu amigo. ¡ Non fora a se-lo conto e . . . !

El ía pouco a Galicia e, cando ía non se movía moito. Todo o máis ata Ribeira ou a Pobra e unha vez tamén fora á romaría da Virxe da Barca en

Muxía. Non coñecía moito da súa terra, polo que non facía máis que preguntar e pedir información ós seus compañeiros. Un día, despois do xantar, leáronse nunha discusión entre eles sobre a Ruta Marítima. Cada quen intentaba varrer para a súa casa: O Ollomol, dicía que o traslado do Apóstolo se fixera pola ría de Muros – Noia e que desde aquí levaran o corpo nun carro de bois ata Padrón, polo que a ruta había de entrar por alí; O Robaliza, dicía que tiña que ser por Ons, pois alí hai un sartego escavado nunha rocha no que estivo o corpo do Apóstolo ata ser levado para Santiago. . .



Santuario da Virxe da Barca. Muxía

Pero para o Candorca, a mellor das razóns era a do Xurelo que, sentando cátedra, dixo:

- *“Ó Apóstolo Santiago matárono en Palestina e os seus discípulos trouxérono a través do Mediterráneo e do Atlántico para Galicia. Por iso, por forza tivo que pasar pola desembocadura do Miño, polas illas Cíes, Ons e Sálvora e coller a ría de Arousa para posteriormente remonta-lo río Ulla ata Padrón. Entón non cabe dúbida que a Ruta Marítima debe comezar en a Garda, e non porque eu sexa de alí, senón por se-la máis lóxica.*

Ademais hai que ter en conta a historia (o Xurelo era un home moi culto e no seu camarote tiña unha verdadeira biblioteca que renovaba cada vez que ía a casa) e a historia dinos que, se ben o motivo da chegada de moitas invasións por mar ás costas das Rías Baixas foi vir na procura das riquezas de Santiago, non é menos certo, e vén de máis antigo, que as ricas Illas Cassitérides ou Illas do Estaño trouxeron ata estas costas a numerosos navegantes, piratas, comerciantes, . . . , e moito antes de se descubri-lo sepulcro do Apóstolo.

Por iso – ramatou o Xurelo – eu coido que a ruta marítima ha de ser dende a desembocadura do Miño ata Pontecesures e, aínda máis, debería de tocar toda-las illas.”

O Candorca xa estaba decidido. Ó remata-la marea faría a peregrinaxe polo camiño marítimo saíndo dende a Garda. Xunto cos compañeiros preparou o percorrido; gustáralle a historia aquela das Illas Cassitérides e decidiu establecer unha ruta que tocara as máis importantes. Para facelo nada mellor que nunha dorna, embarcación de orixe viquingo, moi mariñeira e na que dera os seus primeiros pasos no mar, xunto o seu pai.

Aproveitando unha recalada en terra do arrastreiro chamou o seu padriño (O padriño do Candorca era un dos máis famosos carpinteiros de ribeira que había en Aguiño, especializado na construción de dornas), para que lle puxera a punto unha dorna xeiteira que gardaba no galpón do taller e contoulle o que quería facer.

A piques de remata-lo mes de agosto, o Candorca e os seus amigos xa estaban no peirao de a Guardia, xunto a súa dorna, á que bautizara co nome de CASSITÉRIDE, e que lla levará o seu padriño para probala.

COMEZA A RUTA DAS ILLAS MAIORES

Entre o material que levaba contaba, como parte imprescindible dun Caderno de Bitácora, para ir anotando diariamente tódolos pormenores da viaxe. Como punto importante quedou en resaltar unha historia ou anécdota das Illas que visitara.

Quixo comeza-la súa peregrinación na Illa da Insua que se atopa na mesma desembocadura do río Miño, entre Galicia e Portugal, e cara a ela puxo rumbo. Alí atopouse cun gran castelo, parecía máis un castelo rodeado de auga que unha illa. Fondeou fronte a unha pequena praia onde había varada unha chalana, ó carón dela un home que acarisaba uns sesenta anos aínda que, polo seu corpo engoumado, debería ter máis. Tiña na man unha cambada de peixes que deixou sobre unha rocha.

Saudáronse e preguntoulle polo castelo, el sentouse colleu un croio que empregou de aguzadoira e paseniñamente contou:

CASTELO da INSUA:

Chámase “O Forte”. Construíuse para defende-la entrada do río Miño e é de propiedade portuguesa.


Tivo que ser reparado moitas veces, tanto por accións bélicas como polas do mar. Contan que xa no ano 1643 o conde de Casrill – Mellor, gobernador das Armas de Portugal: “ Fixo tamén restaurar os muros da Insua na Barra do Miño, dotándoa de guarnición necesaria para conservar, segundo el dicía, o dominio deste río”.

Este Forte foi utilizado durante anos por frades, que posteriormente por mor dos numerosos asaltos que sufriu, tiveron que abandonalo.

Na actualidade aínda se conservan restos do mosteiro dentro das murallas.

Resultáralle interesante o coñece-la historia da Illa da Insua e xa anotara a anécdota no Caderno, cando puxo rumbo a Cabo Silleiro. Inda que tiña que navegar separado da costa, cos prismáticos ía observándoa. Reparou no monte se St^a Tegra, no mosteiro de Oia e na Serra da Groba en cuxos montes celébranse uns dos curros máis importantes de Galicia.

Cando dobrou o cabo Silleiro, puxo rumbo ás illas Cíes, para dende alí meterse na ría de Vigo cara a Illa de San Simón, o seu próximo destino.



Fachada principal do Castelo da Insua

Atracou no peirao oeste onde atopou un mariñeiro que agardaba por un home que o contratara para achegalo ata a illa. O Candorca desembarcou e o mariñeiro contoulle que aquel home viñera a coñece-la illa onde o seu pai estivera encarcerado durante a Guerra Civil Española.

Foi na súa procura e atopouno na illa de San Antonio. Alí estaba xunto ó lazareto que servira de cárcere durante a guerra. Despois de saudalo, entaboaron unha longa conversa. O Candorca contoulle a súa peregrinaxe, e interesouse pola historia sobre o seu pai:

O CÁRCERE DA ILLA DE SAN SIMÓN

O seu pai era de ideas liberais e cando estalou a Guerra Civil prendérono. Un día, xunto a outros presos, levárono ó cárcere do Lazareto de San Simón. Contáralle que, cada noite, chamaban a algúns presos e os levaban para realizar algún traballo, segundo dicían, pero o certo é que nunca regresaban. O medo que tiñan provocaba que nunca se interesaran pola sorte que correran os seus camaradas.

Un día, pola mañá, chegaron pedindo tres voluntarios para axudar na cociña. A todos pareceulles raro, nunca viñeran a buscar a ninguén pola mañá y menos pedindo que foran de xeito voluntario, polo que, o meu pai pensou que verdadeiramente necesitaban axuda e iso, coidou, podería ser un motivo de evitar os "paseos" da noite.

O seu presaxio foi acertado, o cociñeiro quedara só porque os axudantes que tiña foron chamados a filas e necesitaban persoal.

A partires dese día pasou a durmir nun pequeno barracón que había ó carón do edificio empregado como cociña. Mentres, pola noite, e a medida que pasaban os días, ían "marchando" da illa moitos dos seus compañeiros.

A casualidade fixo que un día, polo tarde, un dos vixiantes que chegara de realizar unhas manobras en terra, se achegara ata a cociña e por unha das rendixas lle pedira o meu pai algo de comer. Os presos que traballaban na cociña, tiñan terminantemente prohibido dar comida a ninguén, pero o meu pai, por medo a represalia e despois de advertirlle que non comentara nada senón o sacarían de alí, deulle un prato de comida e un anaco de pan. Un día necesitaron presos para ir ó frente e de novo a casualidade fixo que a persoa encargada de facer o reclutamento fora, precisamente, a que o meu pai lle dera de comer aquela serán. Dirixiuse a el e preguntoulle:

- ¿ Queres ir ti?, dende logo alí correrás mellor sorte que aquí. Meu pai confiou nel e presentouse voluntario. Iso salvoulle a vida. A grande maioría dos que con el foran levados á Illa, faleceron e el rematou a Guerra, ¡O que é a vida!, de axudante de cociña no Frente Nacional na batalla do Ebro.

Despois de percorrer a Illa e aproveitando a marea alta, achegouse ata Arcade para contempla-la súa ponte romana e de seguido poñer rumbo ás Illas Cíes.

Arribou ó peirao de Carracido, intentaba fuxir da multitude. Abarloou ó costado dun pesqueiro de Cangas cuxos mariñeiros estaban á espera da marea baixa para ir ós percebeos. Como se aburrían, foi fácil



Lazareto da Illa de San Simón

o sacar conversa. Un deles contoulle sobre as Cíes: A medida que pasaban os días, o Candorca, estaba máis abraiado coa beleza da súa terra que, por desgracia, non coñecía, e das preciosas e engaiolantes historias que lle contaban e que ía anotando con moito mimo e luxo de detalles.

Pasou uns días nas Cíes gozando do seu mundo histórico e natural, para de novo a Cassitéride suca-lo Océano poñendo proa a Cabo Couso aproveitando unha brisa do sur que daba un relaxado navegar que facilitaba a suave visión da costa de Soavela co seu monte Facho.

O MOSTEIRO DE SAN ESTEBAN DAS CÍES

Na illa de San Esteban houbo, hai moitísimo anos, un mosteiro que pertenceu ó de Coruxo e que dependía da Xurisdicción do Abade do mosteiro de Celanova. Ocorreu polo século XI que a infanta dona Elvira, que era irmá do rei Afonso VI, destituíu ó abade de Celanova, Pelayo I, e este fuxindo da infanta, refuxiouse no mosteiro da illa norte das Cíes, tamén coñecida como do Faro. Nos anos que alí estivo refuxiado e con axuda dos monxes, *d e d i c o u s e* a percorrer as furnas da illa, co fin de buscar bo refuxio no caso de que os homes da infanta chegaran na súa procura.

Traballou en varias delas, conseguindo unilas a través de pasadizos polos que se podía atravesar dunha punta á outra da Illa.

Din que anos máis tarde a Infanta fixo correr a nova do perdón e que o Abade informado, *r e g r e s o u* recuperando o cargo de Abade, ocupándoo ata a súa morte. Pénsase que todo foi debido a que el antes tamén fixo correr o rumusmús da posesión de grandes riquezas e que con elas se podería paliar a crise que por aquel entón tiña o mosteiro da súa antiga xurisdicción. Contan que, o seu regreso foi o renacer do mosteiro de Celanova. Crese que este enriquecemento repentino que tivo o Abade foi debido ó achado de varios tesouros nas furnas das Illas Cíes, pois as covas mariñas destas illas eran empregadas polos piratas que asolaron as costas galegas para gardar o froito das súas rapinas en terra.



Illas Cíes

sobre San Fructuoso, sobre a fonte de San Miguel, sobre os asaltos dos piratas ingleses, . . ., pero entre elas, a que máis lle chamou a atención foi:

O PASADIZO ENTRE ONS E TAMBO

En case todas as illas galegas houbo un mosteiro, ou pertenceron a un da península ou viviron monxes nelas. Iso ocorreu coas de Ons e Tambo.

Nos anos en que os mosteiros das illas estaban habitados por monxes, sufriron estas costas numerosos asaltos, polo que estaban sempre en perigo. Contan que o Castelo da Rueda que se atopa en Ons na súa banda noroeste mirando á Lanzada, tiña ó lado unha profunda cova, a Cova do Castelo, con varios pasadizos, un deles ía cara á Lanzada e outro cara a Tambo por debaixo das augas.

Os veciños que por aquelas datas habitaban Ons tiñan gardadas as súas máis valiosas pertenzas no pasadizo da lanzada e os monxes as tiñan no que conducía á illa de Tambo.

Cando dende Ons se albiscaba polo horizonte a chegada de naves, prendían leña verde na torre do Castelo da Rueda para avisar da posible presenza inimiga ós habitantes da península do Salnés, para de seguido escapar polos seus correspondentes pasadizos cara os seus destinos.

Os monxes viñan sempre a refuxiarse á Illa de Tambo para dende alí organizar a posterior fuxida cara a terra ou prepararse para a contenda.

O Candorca puxo rumbo á Illa de Tambo. Ó chegar, os militares do posto de garda prohibíronlle a entrada. El explicou o por que da súa visita e o cabo de garda comunicoullo ós seus superiores. Esperou, ata que pasada unha hora se achegou unha lancha cun sarxento a bordo. Identificouse e explicoulle de novo a el o motivo da chegada á Illa. Convencido o militar, fixo de anfitrión e guía do Candorca. Visitaron a ermida, un sepulcro antropomorfo, e despois dun longo paseo polas súas corredeiras, contoulle unha chea de lendas



Illas de Tambo

MATICES SOBRE BARCOS DE PEDRA NAS COSTAS GALEGAS

Por: Francisco Calo Lourido



Os discípulos de Santiago collen o seu corpo e baixan á beira do mar, onde atopan unha nave habilitada para el (“*nauim sibi paratam inueniunt*”); saen ó alto mar e en sete días arriban a Iria, atracando a remos e dando gracias a Deus por se veren libres de ataques dos piratas, de embarrar nos baixos ou de afundir

polos temporais. O anterior é o que nos narra o Liber Sancti Jacobi “Codex Calixtinus” no Cap. 1 do Libro III. Na Historia Compostelana introdúcense unhas notas poético-eruditas ó engadir a esta pasaxe que a nave fora aparelhada polo propio Deus e que na viaxe tiveran que librar de Escila, de Caribdis e das traidoras Sirtes.

Non veríamos nada de milagroso nesta viaxe, se non fora pola brevísima duración da travesía, e eso aínda despois de caer a estribor (Escila e Caribdis conforman o estreito de Mesina) e a continuación a babor ata a costa africana (as Sirtes son bancos de area fronte as costas de Libia e Tunicia). Facendo enguiñadas, como se navegaran en bolina, chegan a Galicia nunha semana; pero a xente non se conforma con tan pouco e precisa máis ingredientes que acentúen o máxico, o sobrenatural. E a partir de aí, unha vez que ten lugar a invención do sepulcro de Santiago, contra o ano 813, reinando Alfonso II e sendo bispo de Iria Teodomiro, vaise ir tecendo toda unha complexa lenda con variantes. Resumámolas.

Os apóstolos atracan a nave e danlle un cabo a unha pedra con letras, unha ara romana, un Padrón, que daría nome á poboación que aí se ía instalar. Desembarcan o corpo de Santiago e póusanos nunha pedra que, ó seu contacto, o acolle, como se fora de cera, formando un xeito de sepulcro antropomorfo, deses tan espallados en época altomedieval. A continuación procuran un lugar para enterralo e entran en contacto coa raíña Lupa, pero isto, tan marabilloso, non ten interese para o que agora nos ocupa.

O que si cómpre ter presente é que a tal barca, na que se fixo a travesía desde Palestina a Iria, non consta que non fora como as normais da época, é dicir, de madeira e con velas de lenzo. A lenda non fala en absoluto dunha barca de pedra. Chégalle ben con traer a Santiago desde tan lonxe en sete días e voltagueando. Pero, século tras século, vaise ir formando unha teoría que mestura a barca coa pedra na que se deitou o corpo cando foi desembarcado. No S.

XVII vén en peregrinación ata estas terras o boloñés Doménico Laffi¹ e cóntanos que en Padrón hai, no fondo do río, unha barca grande, toda de mármore branco, da que se di que trouxo o corpo de Santiago e que se converteu en pedra nada máis sacalo os discípulos de dentro “para que non puidera usala ninguén máis e para que non puidera ser levada de alí”. Castellá Ferrer –segundo López Ferreiro– confundiu a tal pedra coa que serviu de repouso ó corpo de Santiago, cando di que foi botada ó río polo Rexemento da vila para que os peregrinos non a acabaran de desfacer, arrancándolle cachos a xeito de reliquias.

¿Por que hai interese en seguir dicindo que Santiago chegou a Galicia nunha barca de pedra? O que se nos conta é que chegou nun barco e, posteriormente, unha pedra do fondo do río -ou que foi tirada a el- foi considerada a tal barca ou a pedra que adquiriu forma de sepulcro antropoide ó contacto co seu corpo. Do que non hai dúbida é de que Santiago non navegou nunha barca de pedra.

Entre os apóstolos de Cristo, foron varios os que tiveron como profesión a de pescadores e, se vimos de falar da chegada a Galicia do corpo dun deles, o de Santiago, vexamos agora o que aconteceu con San Andrés, colega do anterior e irmán de San Pedro. O que nos conta a lenda é que Santo Andrés, mariñeiro el, chegou nunha das súas singraduras ata aqueles cantís impresionantes da serra da Capelada e alí, en Teixido, tivo que quedar por mandato de Cristo². Son moitos os séculos nos que se nos vén repetindo que Pedro e Andrés, Santiago e Xoán, fillos estes do Zebedeo, eran todos eles mariñeiros, polo que non é de estrañar que a xente os fixeran navegar e mesmo chegar ata Galicia. O que resulta máis difícil de entender é que haxa libros, que non paga a pena citar aquí, que pretenden ser científicos e que xustifican a chegada de Santiago a Galicia porque, como mariñeiro, estaba afeito a perseguir o peixe e, nunha desas, chegou ata estas costas. Ó mellor non sobra lembrar de cando en vez que estes apóstolos pescaban si, pero nun mar interior, en Tiberíades, sen comunicación co Mediterráneo. Pero, para construír lendas, esto tanto ten, e Santo Andrés chegou a Teixido e aquí ficou, despois de fondear a súa barca. Como xa non a ía usar máis, aquela transformouse en pedra e aínda hoxe está á vista de todos os que se achegan ata alí coa aparencia dun barco coa quilla ó sol, formando, xunto con outro petouto, as chamadas Penas Gabeiras.

Unha versión da lenda conta que San Pedro, irmán do anterior, se mofou deste por ter que permanecer naquela terra tan afastada. Outra di que o propio Santo Andrés se queixou directamente a Cristo de que todo o mundo ía visitar a Santiago e a el ninguén se achegaba por quedar no cabo da terra. Tanto nunha versión como noutra, Cristo dille que o que non vaia a velo de vivo unha vez, terá que ir de morto tres. Non nos interesa agora analizar esto nin moito menos os posibles significados ou antigüidade deste culto. O único que realmente queremos facer notar é que o barco que trouxo o Santo non era de pedra; petrificouse cando xa non ía navegar máis.


No primeiro caso vimos como Santiago, un apóstolo mariñeiro, chegou a Iria nun barco normal. No segundo tropezamos con Andrés, tamén apóstolo mariñeiro, que chegou a Teixido noutro barco igualmente normal e que o feito se relaciona, polos ciúmes, co culto do anterior. Vexamos un terceiro caso, que tamén podemos incluír no que chamaremos ciclo xacobeo.

Nesta ocasión foi a Virxe María a que chegou, concretamente, a Muxía, valéndose dunha embarcación. Andaba o apóstolo Santiago canso e desmotivado, porque as xentes desta terra disque non lle estaban a facer moito caso nas súas prédicas e, nunha destas, atopándose na costa de Muxía, veu como a propia Virxe María viña cara á costa nunha barca de pedra con vela e temón do mesmo material. Varou en terra, consolou a Xacobo e, se cando tivo que facer o mesmo en Zaragoza –vese que Santiago era propenso ó desánimo– deixou como recordo o Pilar, en Muxía quedaron tamén, ata o de hoxe, barca, temón e panoⁱⁱⁱ.

Tres lendas, as tres vencelladas a

Santiago, e tres barcos de pedra, pero dos tres só este último era de pedra cando navegaba por riba das augas. O de Andrés petrificou despois de fondeado e sobre o de Xacobo non está nada claro que se trate realmente do barco que o trouxo desde as costas de Palestina ou da laxa da ribeira na que se depositou o corpo tras ser desembarcado.

Na propia vila da Pobra do Caramiñal desemboca o río Pedras, así chamado a partir da fusión das augas do Barbanza coas do San Xoán, ámbolos dous procedentes do máis alto da parte occidental da serra do Barbanza. Na confluencia daqueles, onde había un eremitorio, posiblemente altomedieval, foi edificado o oratorio dos “frades da prove vida” de San Xoán da Misarela. A uns metros das ruínas do convento, a carón do río, hai unha “Pedra da Barca”, “Barca de San Xoán” ou “Barca de San Amaro”^{iv}. A erosión deste río, salvando en escasos km máis de 500 m fai que todo o seu percorrido estea cheo de bloques erráticos, piscinas e “olas de xigante”, características dun río de montaña que se conserva novo practicamente ata a súa morte no mar de Arousa. Pero entre tantas pedras traballadas pola auga está a anterior, con aspecto de ter sido total ou parcialmente labrada pola man do home.



Gabeiras, ou barca de San Andrés, ó fondo de Teixido

A lenda, xa coñecida por Fr. Martín Sarmiento, di que nesa barca chegou ata alí, en viaxe fluvial, San Xoán. Unha variante prefere a San Amaro como nauta e, tanto nun caso como no outro, Deus, para protexelo, ía tirando pedras pola popa (lémbrese o nome do río) contra os seus perseguidores. Hoxe por hoxe, non é posible saber quén foi o que navegou nela; pero en caso de tratarse de San Amaro estaríamos diante dun home que realizou unha viaxe fantástica por mar, coa intención de atopar o Paraíso, e regresou despois de 300 anos que, como a San Ero de Armenteira, lle pareceran uns minutos. Se o viaxeiro foi San Xoán o Bautista, o patrón do convento, sen dúbida se tiña que sentir a gusto naquela paraxe inhóspita e con río, desolación á que el estaba afeito alá en Palestina. Se, como é habitual en Galicia, hai unha confusión de santos e se trataba en orixe de San Xoán o Evanxelista, estaríamos outra vez diante dun apóstolo mariñeiro e tan relacionado con Santiago como que se trataba de seu irmán. Para o caso tanto nos ten, pois o que realmente agora nos importa non é tanto de quén se trate, senón de que alá arriba, na Misarela, hai unha pedra na que a tradición di que navegou un santo polo

río arriba, sen especificar se xa era de pedra, mentres navegaba ou se, como noutros casos xa vistos, se transformou en pedra con posterioridade.

Alonso Romero dedicou un moi ben documentado libro ós barcos de pedra no que se citan, como exemplos únicos en Galicia, os catro que vimos nós agora de mencionar. No apartado interpretativo dáse por certo que nos catro casos houbo navegación en barcos pétreos, e con esta seguridade enlázaos o autor co que sucede noutras partes do occidente europeo. É evidente que a interpretación destas lendas terá que ser moi distinta, dependendo de se as navegacións se fixeron nunhas embarcacións de pedra ou se os tales barcos se transubstanciaron en pedra cando xa non se precisaban. ¿Converteríanse en pedra para evitar que San Andrés, Santiago ou San Xoán decidiran abandonar o lugar?, ¿estaremos, mutatis mutando, diante de algo semellante ó que fixeron os atenienses cando cortaron as alas da Victoria para que sempre permanecera entre eles? Remando contra corrente, sempre concordei máis con Risco, ó dicir que os galegos somos homes da Baixa Romanidade, mediterráneos... e no Mediterráneo mesmo hai barcos-illa^{vi}. Algún día haberá que tocar

este tema en profundidade; pero, volvendo ó asunto, cómpre que os estudiosos respecten a literalidade das lendas para non distorsionar a súa análise, e en Galicia, das catro, só unha especifica expresamente que navegaba un barco de pedra.



Corte na Serra do Barbanza feita polo río de Pedras

Por outra banda, puido haber máis de catro casos de barcos pétreos e resultar que, por non acadar sona como os anteriores (do caso de San Xoán da Misarela pouca xente sabe), aínda hoxe estean sen recoller ou teñan desaparecido. Vexamos un exemplo. No Porto do Son, na entrada sur da ría de Muros e Noia, destaca, vindo do mar, o alto da Atalaia, onde se ergue unha capela, hoxe dedicada á Virxe do Carme e antes á da Misericordia e que, posiblemente xa desde



A Sagrada e a Pedra da Barca no Porto do Son

a súa fundación, tivo especial relevancia entre as xentes do mar. Ós pés da capela hai unha costa rochosa, brava, que vai desde o Balcón de Pilatos ata a Pedra da Sagrada. Este pedra forma pola banda de terra a chamada Poza da Sagrada e, o remate da mesma, a onde vai recalar toda a brosa que as marusías invernaís meten dentro, recibe o nome de Cocho do Meco. Podemos facer xa un primeiro apunte: hai máis Mecos que o do Grove ¿ou sería o mesmo?... Aí, no Cocho do Meco apareceu “non se sabe cando” unha imaxe da Virxe que os do Son subiron á Atalaia e honraron, construíndolle a Capela da Misericordia. No lugar no que se atopou a imaxe brotou unha fonte de ¡aceite! (poño os signos polo estraño do feito aquí en Galicia). O tal aceite só se podía coller para alumear á Virxe... e a fonte secou, cando un desapehensivo mariñeiro foi buscar un pouco para lle botar á caldeirada. A lenda é curiosa, pero o que a min me interesa agora é que nese grande conxunto de pedra que citei, tamén debaixo da Atalaia, hai unha grande laxa que se chama Pedra da Barca. Temos, pois, unha Sagrada (Pedra e Poza), temos unha imaxe da Virxe que chega por mar, temos unha fonte de aceite que seca cando se usa desacertadamente, temos unha capela de devoción mariñeira, temos un Cocho do Meco e temos unha Pedra da Barca. Temos, xa que logo, moitos ingredientes para unha fermosa lenda máis completa que a que aínda hoxe se conserva na lembranza dos veciños do Son. ¿Viría a nosa Virxe da Atalaia na Pedra da Barca? Sería interesante, e necesario, percorrer a costa para recoller os microtopónimos, contabilizar o número de barcos e barcas de pedra que aínda hoxe se coñecen por ese nome e ver se están ou non asociados a algunha tradición^{vii}, pero sempre sen modificar as lendas para facilitar interpretacións apriorísticas.

ⁱ LAFFI BOLONÉS, Domenico (1991): *Viaje a Poniente. Biblioteca Mágica del peregrino, 2. Ed. Sildavia. Santiago.*

ⁱⁱ USERO, Rafael (1992): *El santuario de San Andrés de teixido. Fundación Villabril. Madrid.*

ⁱⁱⁱ CASTRO, X. Antón (1997): *Muxía, Finisterre da Ruta Xacobeana e santuario de culto ás pedras. Pedra d'Abalar Edicións, S.L. Poio.*

^{iv} VIDAL SUÁREZ, José Carlos (2001): “O Eremitorio de A Misarela: A Barca de San Amaro”. *Aunios, nº 3. Asociación Cultural-Gastronómica Pineiróns. O Grove, 77-81.*

^v ALONSO ROMERO, Fernando (1991): *Santos e barcos de pedra. Para unha interpretación da Galicia atlántica. Edicións Xerais de Galicia. Madrid.*

^{vi} Lembremos a antiga lenda de Píndaro na que nos conta que a illa de Delos era un grande navío que navegaba ata que Zeus a estabilizou, como terra fixa, para que nela habitaran os seus fillos ilexítimos (alí naceron Apolo e Artemis).

^{vii} Taboada falou, no discurso de entrada na Real Academia Galega, da Pena da Arca, na que Noé chegou a Noia. Cítou tamén a Pedra de San Adrián, en Vilaboa, a onde este santo arribou noutra embarcación (Cfr. TABOADA CHIVITE, Xesús (1982): *Ritos y creencias gallegas. Sálvora, A Coruña, 177.*